



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAR DE SANTOS

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

TOMO II

- ESTRATEXÍA DE ACTUACIÓN

- ESTUDIO ECONÓMICO

*- INFORME DE SUSTENTABILIDADE
ECONÓMICA*



ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO



INDICE	Pax.
1. A ELECCIÓN DO SISTEMA ESTRATÉXICO-ECONÓMICO.....	4
1.1. A ELECCIÓN DO SISTEMA ESTRATÉXICO-ECONÓMICO.....	4
1.2. ANÁLISE DA FACENDA MUNICIPAL.....	4
1.2.1. Análise da Facenda Municipal 2003-2007.....	4
1.2.2. A actividade investidora (2002-2007).....	7
2. A ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN.....	8
2.1. AVALIACIÓN E FINANCIACIÓN DO PLAN XERAL.....	9
2.2. SISTEMAS XERAIS.....	10
2.2.1. Sistema Xeral de Comunicacóns.....	10
2.2.2. Sistema xeral de infraestruturas básicas:.....	10
2.2.2.1. Rede de tratamento de augas residuais.....	10
2.2.2.2. Rede de recollida de augas pluviais.....	10
2.2.3. Sistema de equipamentos.....	10
2.2.4. Sistema xeral de espazos libres.....	11
2.3. ACCIÓNS PROGRAMADAS.....	12
3. ESTIMACIÓN APROXIMADA DE CUSTOS DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.....	13
3.1. SISTEMAS XERAIS.....	13
3.1.1. SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS.....	13
3.1.1.1. En relación co viario interparroquial.....	13
3.1.1.2. En relación co viario interno dos núcleos.....	13
3.1.2. SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS BÁSICAS.....	13
3.1.2.1. Rede de tratamento de augas residuais.....	13
3.1.2.2. Rede de recollida de augas pluviais.....	13
3.1.3. Equipamentos.....	13
3.1.4. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES.....	15
3.2. ACCIÓNS PROGRAMADAS.....	17
4. PROGRAMACIÓN DOS INVESTIMENTOS.....	18
5. RESUMO DE CUSTOS.....	20
5.1. RESUMO TEMÁTICO DE INVESTIMENTOS.....	20
5.2. DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES.....	22
6. INFORME OU MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.....	23
6.1. ENCAIXE DO CONCEPTO DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.....	24
6.2. SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DO SOLO DESTINADO A USOS PRODUTIVOS.....	24
6.2.1. O solo empresarial e as actividades económicas.....	24
6.2.1.1. Estrutura produtiva e prognose de crecemento.....	24
6.2.1.2. As necesidades de reserva de solo produtivo.....	26
6.2.1.3. As previsións de solo para actividades económicas no plan.....	27
6.3. O FINANCIAMENTO MUNICIPAL DO PLAN XERAL.....	27
6.3.1. A Análise da capacidade investidora municipal recente.....	28
6.3.1.1. A Conta Financeira 2004-2009.....	28
6.3.1.2. O investimento no Concello de Vilar de Santos nos últimos anos.....	30
6.3.1.3. Análise dos custos de mantemento municipal de dotacións e servizos.....	34
6.3.2. Estimación base dA Capacidade de investimento municipal para o PXOM.....	36



6.4. ESTIMACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO E MATERIALIZACIÓN DO PXOM, COMO FONTE DE REINVESTIMENTO MUNICIPAL.	38
6.4.1. Valoración do 10% do aproveitamento tipo do concello.	38
6.4.2. Cuantificación global dos recursos económicos derivados do desenvolvemento do plan.	39
6.4.3. A valoración dos custos de mantemento municipal de dotacións e servizos no desenvolvemento do PXOM.	40
6.5. BALANCE ECONÓMICO DOS CUSTOS DE MANTEMENTO E OS INGRESOS DERIVADOS DA MATERIALIZACIÓN DO PXOM.	41
6.6. REFERENTES FUTUROS DO INVESTIMENTO PÚBLICO DO RESTO DAS ADMINISTRACIÓNS.	42
6.6.1. Xunta de Galicia.	43
6.6.2. Deputación provincial de Ourense.	44
6.6.3. Estado.	45
6.6.4. Fondos Europeos.	46
7. XUSTIFICACIÓN DA VIABILIDADE DA ASIGNACIÓN DOS INVESTIMENTOS.	47
7.1. CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS.	47
7.2. CAPACIDADE DE INVESTIMENTO MUNICIPAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PXOM.	47
7.2.1. Impacto das actuacións na Facenda Pública Municipal.	48
7.3. INVESTIMENTO PRIVADO.	48
7.4. CONCLUSIÓN SOBRE A SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DO PXOM.	49



1. A ELECCIÓN DO SISTEMA ESTRATÉXICO-ECONÓMICO.

1.1. A ELECCIÓN DO SISTEMA ESTRATÉXICO-ECONÓMICO.

Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e Protección do Medio rural de Galicia (en diante LOUG), modificada pola Lei 2/2010 de 25 de marzo, no seu Art. 60 establece as condicións da estratexia de actuación e o estudo económico. Ambos documentos, ao noso entender, deberán atender á maior ou menor complexidade urbanística do concello de que se trate para escoller a opción máis acaída en cada situación de planeamento específica.

En virtude do anterior, no artigo 60 da LOUG establécese o seguinte:

A tal efecto, o plan xeral de ordenación municipal conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello.

Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado.

Así mesmo, determinarán os ámbitos de actuación preferente en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado, para os que deberán fixarse os prazos e as condicións en que teñan que ser executadas, as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas cos particulares, así como as determinacións da ordenación detallada sen necesidade de remisión ao planeamento de desenvolvemento.

Dado que na LOUG non se regula polo miúdo o nivel de detalle co que o Plan deba desenvolver as previsións e valoracións denantes citadas, enténdese que, dentro dos lindeiros do sentido común, corresponde ao concello que elabora o plan decidir sobre das dúas opcións estratéxicas e de previsión de actuacións.

As determinacións do Plan Xeral de Ordenación, segundo se recolle no artigo 61.1 da LOUG deberán desenvolverse entre outros nun informe ou memoria de sustentabilidade económica (Art.61.1.i)).

A capacidade de xestión do concello de Vilar de Santos é pequena, como non podía ser doutro xeito nun concello cun baixo número de poboación, en directa relación coa súa capacidade económica e financeira. Xa que logo, parece lóxico proceder a elixir para as previsións do planeamento a opción máis sinxela de entre as previstas no corpo legal denantes citado, ou sexa a de incorporar ao Plan Xeral de Ordenación de Vilar de Santos unha estratexia para o desenvolvemento dos sistemas xerais, pois non existen aínda accións privadas concertadas, nin tampouco accións públicas programadas.

1.2. ANÁLISE DA FACENDA MUNICIPAL.

1.2.1. ANÁLISE DA FACENDA MUNICIPAL 2003-2007.

Un ditame sobre o comportamento da facenda municipal debe abranguer os seguintes aspectos:

- Os ingresos e os gastos correntes
- A fiscalidade local
- A dinámica orzamentaria
- A actividade investidora



- A execución dos orzamentos
- A débeda financeira
- O remanente de tesourería

A relación entre o volume de ingresos e gastos correntes constitúe a base da xeración de recursos para incrementar o capital público municipal por medio do investimento, mentres que a estrutura e composición dos mesmos condiciona as súas tendencias de medre.

LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS 2002-2007

CAPITULOS		2002	2003	2004	2005	2006	2007	
Ingresos	1	Impostos directos	71.190,12	70.497,84	69.276,71	73.655,45	74.247,77	88.013,58
	2	Impostos indirectos	8.103,78	9.783,54	14.394,77	18.787,23	10.807,35	2.323,86
	3	Taxas e outros ingresos	37.684,01	41.854,69	42.795,96	41.156,66	45.443,27	54.074,02
	4	Transferencias correntes	217.108,92	292.572,96	299.863,31	502.687,96	579.163,68	677.903,45
	5	Ingresos patrimoniais	3.464,88	2.322,00	2.260,79	613,99	1.061,09	9.970,94
	6	Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	9.803,63	10.687,85	0,00	0,00
	7	Transferencias de capital	259.398,67	139.562,28	90.689,48	177.915,66	712.961,07	559.003,76
	8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	9	Pasivos financeiros	0,00	180,20	65.000,00	12.030,00	0,00	0,00
	Dereitos recoñecidos netos	596.950,38	556.773,51	594.084,65	837.534,80	1.423.684,23	1.391.289,61	
Gastos	1	Gastos de persoal	331.329,55	190.705,24	155.379,93	362.895,49	407.787,52	467.961,76
	2	Gastos en Bens Correntes e servizos	136.559,51	139.385,08	164.000,09	154.214,52	179.439,09	209.415,38
	3	Gastos financeiros	1.440,50	1.340,02	1.094,62	1.820,92	2.284,63	2.683,14
	4	Transferencias correntes	22.314,80	34.594,88	35.029,64	30.743,24	26.416,02	28.741,00
	5							
	6	Investimentos reais	320.692,83	167.708,80	212.765,70	252.997,39	448.592,59	664.965,25
	7	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	9	Pasivos financeiros	5.913,66	4.924,41	19.144,94	652,11	5.604,19	17.515,27
	Obrigas recoñecidas netas	818.250,85	538.658,43	587.414,92	803.323,67	1.070.124,04	1.391.281,80	
	DIFERENCIA Total	-221.300,47	18.115,08	6.669,73	34.211,13	353.560,19	7,81	

Esta primeira fase da análise da facenda municipal centrouse na estrutura e evolución dos ingresos correntes, dos gastos de funcionamento e da carga financeira saldados. Así mesmo, analiza o comportamento do investimento a partir dos datos dispoñibles.

Comportamento dos ingresos e gastos de funcionamento e da carga financeira (2002-2007). A análise e os resultados finais preséntanse loxicamente en €. A evolución recente dos ingresos e gastos correntes que presentan as liquidacións anuais dos orzamentos municipais recóllense no seguinte cadro:



(Euros correntes)	2002	2003	2004	2005	2006	2007	Crecremento taxa global ac.	Crecremento taxa anual ac.
Impostos (cap.I e II)	79.293,90	80.281,38	83.671,48	92.442,68	85.055,12	90.337,44	13,93	2,32
Taxas e prezos públicos (cap.III - CE)	37.684,01	41.854,69	42.795,96	41.156,66	45.443,27	54.074,02	43,49	7,25
Transferencias correntes (cap.IV)	217.108,92	292.572,96	299.863,31	502.687,96	579.163,68	677.903,45	212,24	35,37
Ingresos patrimoniais (cap. V)	3.464,88	2.322,00	2.260,79	613,99	1.061,09	9.970,94	187,77	31,30
1.- Total Ingresos Correntes	337.551,71	417.031,03	428.591,54	636.901,29	710.723,16	832.285,85	146,57	24,43
Persoal (cap.I)	331.329,55	190.705,24	155.379,93	362.895,49	407.787,52	467.961,76	41,24	6,87
Compra de bens e servizos (cap.II)	136.559,51	139.385,08	164.000,09	154.214,52	179.439,09	209.415,38	53,35	8,89
Gastos financeiros (cap.III)	1.440,50	1.340,02	1.094,62	1.820,92	2.284,63	2.683,14	86,26	14,38
Transferencias correntes (cap.IV)	22.314,80	34.594,88	35.029,64	30.743,24	26.416,02	28.741,00	28,80	4,80
2.- Total Gastos Correntes	491.644,36	366.025,22	355.504,28	549.674,17	615.927,26	708.801,28	44,17	7,36
Gastos de funcionamento (cap.I, II e IV)	296.402,82	372.854,34	383.534,79	595.130,64	664.218,80	768.240,89	159,19	26,53
3- Aforro bruto (1-2)	-154.092,65	51.005,81	73.087,26	87.227,12	94.795,90	123.484,57	-180,14	-30,02
4.- Gastos de capital financeiros (cap. IX, agás curto prazo)	5.913,66	4.924,41	19.144,94	652,11	5.604,19	17.515,27	196,18	32,70
5.- Aforro neto (3-4)	-160.006,31	46.081,40	53.942,32	86.575,01	89.191,71	105.969,30	-166,23	-27,70
6. Carga financeira (cap.III e IX)	7.354,16	6.264,43	20.239,56	2.473,03	7.888,82	20.198,41	174,65	29,11

Como aspectos fundamentais da anterior táboa de liquidación dos orzamentos no período de estudo e que serve como base referencial para analizar a evolución dos mesmos, sinálanse os seguintes:

- A evolución do total dos ingresos correntes liquidados presenta un crecemento alto (24,43% anual de media nos seis anos), sobre todo se o comparamos cos gastos correntes liquidados que presentan un crecemento acumulativo do 7,36%. As principais achegas nos ingresos débese principalmente a unha causa fundamental, que é o importante crecemento das transferencias correntes (que pasan de 217.108,92 € no ano 2002 a 677.903,45 € no ano 2007), pois as taxas e os impostos crecen con normalidade.
- Na evolución dos gastos, o total de gastos correntes (cap. I a IV) presenta taxas de crecemento inferiores á dos ingresos (un 26,64% de crecemento de taxa anual de gastos fronte a un 7,36% de ingresos). De se manter esta circunstancia nos vindeiros exercicios, a capacidade de investimento do concello pode chegar a aumentar significativamente a capacidade investidora para as actuacións previstas polo presente PXOM.
- Na estrutura de gastos correntes evidénciase a importancia do carácter preponderante que adoitan presentar os gastos de persoal e de compra de bens e servizos para a corporación. Esta circunstancia foise mantendo ao longo do período, para o caso dos gastos en persoal cunha tendencia baixista, é dicir, no ano 2002 supoñía o 67,39 % do gasto corrente e no ano 2007 elévase a un 66,02 % do mesmo. Pola contra, os gastos en compra de bens e servizos presentan unha tendencia completamente lineal, pasando no ano 2002 do 27,78 % do gasto corrente a un 29,55 % no ano 2007.
- A carga financeira (cap.III +cap. IX de gastos) crece durante o período considerado, pasando dos 7.354,16 € no ano 2002 a 7.888,82 € no 2006, pero volvendo a crecer a 20.198,41 € no 2007.
- A evolución do aforro bruto e do aforro neto sobre os ingresos correntes é moi positiva, aumentando considerablemente nos seis anos do período (do -45,65 e -47,40 % respectivamente o aforro bruto e o neto no 2002 a +14,84 e +12,73 % de aforro bruto e aforro neto respectivamente no 2007).
- En termos comparativos, os ingresos correntes liquidados no exercicio 2002 no concello de Vilar de Santos equivalentes a 337,21 €/habitante e os gastos equivalentes a 491,15 €/habitante son, respecto dos valores medios dos concellos galegos (correspondentes ao último exercicio dispoñible na estatística do IGE de 2003, que son de 446 €/habitante de ingresos correntes liquidados e de 483 €/habitante en gasto) inferiores nun 24,39%, no que respecta aos ingresos correntes e superior nun 1,69% no referente aos gastos.



1.2.2. A ACTIVIDADE INVESTIDORA (2002-2007).

No que atinxe á actividade investidora do concello, cómpre ter presente que, pola contra do que acontece cos ingresos e gastos correntes, que comezan e rematan co exercicio orzamentario, no sentido de que os ingresos non liquidados e gastos non recoñecidos non poden “arrastrarse” ao exercicio seguinte, para a análise do investimento non é tan significativo o que acontece ano por ano, senón nun determinado período.

Como punto de partida, o cadro seguinte recolle a evolución no período 2002-2007, dos gastos de capital non financeiros (orzamentos liquidados) e a evolución dos recursos de capital liquidados (a excepción do capítulo VIII de ingresos).

Valores en Euros.	2002	2003	2004	2005	2006	2007	Valores Medios
Contribucións Especiais liq.	0	0	0	0	0	0	0,00
Inversión liquidada (cap. VI + cap. VII)	320.692,83	167.708,80	212.765,70	252.997,39	448.592,59	664.965,25	344.620,43
Transferencias de capital (cap. VII/Ingresos.)	259.398,67	139.562,28	90.689,48	177.915,66	712.961,07	559.003,76	323.255,15
Venta de activos (cap. VII/Ingresos)	0,00	0,00	9.803,63	10.687,85	0,00	0,00	3.415,25
Endebemento (cap.IX/Ingresos)	0,00	180,20	65.000,00	12.030,00	0,00	0,00	12.868,37

O aspecto máis relevante da análise comparativa dos niveis de investimentos liquidados do concello de Vilar de Santos, é que tanto o investimento liquidado total anual medio do período de 344.620,43 € equivalente a 355,27 euros/habitante, resulta ser mesmo superior á media dos municipios galegos (140 €/habitante) e tamén superior á media estatal (229 €/habitante) e a dos municipios do resto de Comunidades Autónomas.

A diferenza débese, neste caso concreto, ao notable esforzo realizado por este concello en tódolos eidos (e tamén no orzamentario), sen que afecten neste caso o normalmente menor investimento por habitante nos municipios máis cativos en poboación, debido aos custos fixos mínimos da administración municipal, sobre todo cando o concello conta con poucos habitantes coma no caso de Vilar de Santos.



2. A ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN.

Dadas as circunstancias reflectidas no apartado 1 e o feito de que nos atopamos ante un concello eminentemente rural cuxo solo urbano é exclusivamente industrial, a presente estratexia e estudo económico referirase na súa práctica totalidade a actuacións previstas ou necesarias en elementos do Sistema Xeral do P.X.O.M., ou nalgúns dos sistemas locais nos que se atoparon deficiencias dotacionais ou infraestruturais importantes ou significativas.

No que se refire ao establecemento de prioridades para garantir o desenvolvemento coherente do PXOM, enténdese que a cuestión principal a resolver é a de garantir no prazo da estratexia principal do Plan (12 anos) que se poidan sentar as bases para asegurar que a ordenación proposta vai a ter cubertas as súas necesidades básicas hoxe aínda non satisfeitas (ou deficientemente cubertas) e orientar o resto das actuacións prioritarias a poder acadar algúns dos obxectivos principais da ordenación que se propón e que dependan de actuacións institucionais (dado que a iniciativa privada non pode asumir en concellos eminentemente rurais como este, papeis principais no desenvolvemento de actuacións, polo menos nos momentos iniciais do plan, que son os que agora cómpre valorar). As actuacións deberán ser guiadas polo propio concello apoiado polo resto de administracións públicas para resolver algunhas das principais demandas que se barallan, entre as que podemos salientar a as futuras ampliacións do polígono industrial de Santa Marta, continuar o desenvolvemento das actuacións na aldea de Saá, pular a mellora da circulación peonil, incrementar os sistemas de equipamentos e espazos libres, así como a optimización e extensión dos distintos servizos urbanísticos nos núcleos e na capital.

Podemos resumir as prioridades por ámbitos temáticos, sabendo que as prioridades se xogan en ámbitos moi concretos como os dos sistemas xerais de infraestruturas (viarias e de servizos urbanísticos) e de dotacións urbanísticas e por outra banda as actuacións para a recuperación do patrimonio edificado e fomento da actividade turística, que en conxunto van a permitir acadar o escenario previsto polo PXOM para o seu desenvolvemento axeitado e previsto:

- a) No apartado de **infraestruturas viarias** as prioridades son acadar, principalmente nas estradas locais, unha boas condicións para o tránsito peonil e de aqueles medios alternativos aos vehículos motorizados como é o caso da bicicleta. Para isto propónse continuar completando itinerarios peonís nas marxes das devanditas vías (aló onde non contén con beirarrúas ou outros sistemas análogos) co obxectivo de crear unha rede ao longo da principais vías interconectada coas rutas turísticas e cos camiños tradicionais existentes.
- b) No referente a **infraestruturas de servizos** urbanísticos as prioridades son a mellora selectiva das infraestruturas xerais, concentrándose en mellorar progresivamente a rede de saneamento, unificando a recollida e tratamento dos efluentes nun menor número de elementos aínda que máis modernos e polo tanto máis efectivos, e eliminando en canto sexa posible, aqueles elementos en funcionamento de menos prestacións como é o caso das fosas. Por último apóstase por continuar a implantación das redes de pluviais tanto na capital como nos distintos núcleos, como medio para acadar unhas redes separativas que impidan a sobrecarga do sistema de tratamento e polo tanto a súa ineficacia fronte a picos fortes de demanda do servizo, coas vantaxes engadidas de poder reutilizar as augas atmosféricas para usos distintos do consumo humano, e unha maior capacidade vacante para o tratamento dos efluentes nas estacións de depuración.
- c) No que se refire ás **dotacións urbanísticas** as prioridades están en cubrir os déficits dotacionais xa detectados, e poñer a disposición da cidadanía os servizos necesarios, tanto para a poboación actual e para a que no futuro se poida asentarse aquí, segundo as previsións que se avanza para superar o estancamento poboacional das últimas décadas, centrándose neses aspectos menos cubertos como os grandes espazos libres ou parques de sistemas xeral (acondicionando unha serie de áreas recreativas de certa extensión en diversos núcleos e creando outras de ámbito máis local ó longo do concello) e necesarios para o desenvolvemento correcto dunha sociedade. No eido dotacional as principais propostas teñen que ver tanto co turismo, e particularmente con continuar o desenvolvemento dos traballos de recuperación da aldea de Saá, recollidos no seu plan



especial, nomeadamente a construción do aparcadoiro do ámbito, como coa resolución de certos problemas que xorden nos cemiterios parroquiais existentes e a súa ampliación, así como a consecución de novas instalacións que permitan mellorar a recollida selectiva de residuos a través da construción dun punto limpo no concello. Tamén, no que respecta ás restantes dotacións recollidas, se procede á reserva da totalidade dos solos precisos, aínda que se procede á valoración exclusivamente daquelas prioritarias para os primeiros anos de vixencia do PXOM, entendendo que as restantes se irán executando, a medida que a capacidade orzamentaria o permita. No caso das dotacións, parte da parcelas sobre as que se van a asentar son xa de titularidade municipal, mentres que as restantes deberán de ser obtidas mediante permuta con bens do patrimonio municipal do solo, convenio ou expropiación. Tamén se contempla a adquisición dos terreos onde se localizan a día de hoxe equipamentos e espazos libres considerados como sistemas xerais e que actualmente se atopan cedidos temporalmente ao Concello polos seus propietarios.

- d) En relación a **outras actuacións urbanísticas ou concertadas**, logo da declaración da Área de Rehabilitación Integral do Núcleo Histórico de Vilar de Santos (ARI), de data 21 de xuño de 2011, cuxas primeiras fases se están a desenvolver, a medio prazo as actuacións urbanísticas de maior interese serán as eventuais ampliacións do polígono industrial de Santa Marta, que conta, na actualidade cuns 195.000 m² de superficie, e que seguirá a medrar nos vindeiros anos grazas a unha demanda constante de solo para actividades comerciais e industriais lixeiras que se dá dende que se encetou a actividade empresarial nesta localización, e que xa deu lugar á aprobación e materialización dun Plan Parcial e dous Plans de Sectorización.

Se durante a tramitación do P.X.O.M. puidesen acadarse algunha máis das accións programadas ou concertadas que se citan no artigo 60.2 da LOUG, na presente estratexia de actuación e estudo económico, recolleranse a sinalización de prazos e condicións en que teñen que ser executadas esas novas actuacións públicas ou particulares.

No que atinxe á distribución dos importes das obras necesarias para a execución das determinacións do Plan que se conteñen no presente estudo económico, as cantidades asignadas a administracións distintas da municipal (que se engloban nun conxunto), non son vinculantes en ningún caso e teñen carácter indicativo (agás nos casos en que poida xustificarse documentalmente a aceptación do citado organismo, ou que veña recollido nos seus orzamentos anuais como unha actuación concreta, orzamento que se axuntará como xustificante no seu caso), pero coa xustificación de viabilidade e razoable asignación conxunta recollida e xustificada no apartado 2 anterior.

2.1. AVALIACIÓN E FINANCIACIÓN DO PLAN XERAL.

O investimento total preciso para o desenvolvemento dos sistemas xerais e locais acadan os **3.619.298 €** en valores constantes de 2014, segundo o detalle por sectores dos apartados correspondentes do presente EEF, logo de se aplicaren os estándares usuais de custos unitarios ás dimensións globais de cada tipo de actuación.

O indicador do custo equivalente por residente de **3.925,48€** está especialmente condicionado polo investimento na mellora dos sistemas xerais de infraestruturas e servizos urbanísticos, así como pola baixa poboación municipal.

O financiamento dos Sistemas Xerais e Locais do Plan Xeral estimados polo presente EEF en función das diferentes competencias entre administracións e da normativa da distribución de cargas e beneficios da lei galega atribúe un **6,39 %** ao Concello (sen considerar os ingresos por cesións), e un **93,61 %** ao resto de administracións.

Os cadros e gráficos que se achegan ao final do documento recollen a avaliación dos custos en sistemas de infraestruturas, equipamentos e dotacións públicas do Plan Xeral, as actuacións concertadas e o seu financiamento polos distintos axentes públicos.



2.2. SISTEMAS XERAIS.

2.2.1. SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS.

Son prioritarias, ao noso, xuízo dentro do sistema xeral de comunicacións, a realización das seguintes actuacións na rede viaria interparroquial:

- a) Melloras no viario local existente e acondicionamento de sendas e itinerarios peonís.
- b) Acondicionamento e mantemento de viario existente no interior dos núcleos.

2.2.2. SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS BÁSICAS:

2.2.2.1. Rede de tratamento de augas residuais.

Son prioritarias e pola orde que se citan as seguintes obras:

- a) Construción dunha nova EDAR para 500 hab/eq en Casas da Veiga a carón da existente (E2-25), para deste xeito reforzar a capacidade de tratamento que actualmente da servizo a diversos núcleos e ao solo urbano industrial.

2.2.2.2. Rede de recollida de augas pluviais.

Son prioritarias e pola orde que se citan as seguintes realizacións:

- a) Ampliación da rede de pluviais existente de xeito que se recollan as augas pluviais da capital municipal, así como progresivamente e na medida que o orzamento o permita a outros núcleos.

2.2.3. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS.

Neste eido consideramos que sería prioritario abordar a realización das previsións que en materia de equipamento se indican a continuación:

- a) Construción dun local sociocultural no polígono de Santa Marta (E2-30). Este edificio podería dedicarse a labores formativas e lúdicas dos traballadores da zona industrial.
- b) Construción dun punto limpo no polígono de Santa Marta (E2-31). Con esta actuación perséguese a mellora na recollida selectiva dentro do termo municipal.
- c) Construción do estacionamento da aldea de Saá (E2-36). Este equipamento é oportuno e importante, xa que están en funcionamento as distintas instalacións turísticas da aldea xa construídas, e sería preciso contar cun lugar onde gardar os vehículos, xa que o tráfico dentro da propia aldea está restrinxido.
- d) Reconstrución de dúas edificacións para aloxamentos turísticos na aldea de Saá, recollendo as propostas sinaladas no seu plan especial.
- e) Adquisición de terreos de equipamentos de sistema xeral existentes cuxo uso foi cedido ao Concello polos seus propietarios. Dado que os sistemas xerais segundo a LOUG han de ter titularidade pública, contéplase, no caso de non poder ser obtidos por outros procedementos, a adquisición dos mesmos. A relación de equipamentos incluídos é a seguinte:

Tipo	Clave	Nome	Clase	Superficie (m ²)
Equipamento	E1-21	Campo de fútbol en Parada	SX	5,515
Equipamento	E1-22	Pista deportiva en Parada	SX	811



Tipo	Clave	Nome	Clase	Superficie (m ²)
Equipamento	E1-23	Campo de xogos tradicionais	SX	1,443
Instalacións	E1-11	Depósito en A Ponte	SX	23
Instalacións	E1-37	Depósito Regulador en Bréixome de Abaixo	SX	39
Instalacións	E2-01	Depósito regulador en Vilar de Santos	SX	122
Instalacións	E2-02	Depósito 1 en Vilar de Santos	SX	76
Instalacións	E2-03	Depósito 2 en Vilar de Santos	SX	76

8,105

- f) Reconstrución dunha edificación para un taller de tecidos artesanais na aldea de Saá, recollendo a proposta sinalada no seu plan especial.
- g) Reconstrución dunha edificación para un obradoiro de conservas tradicionais na aldea de Saá, recollendo a proposta sinalada no seu plan especial.
- h) Construción dun local sociocultural en O Mosqueiro (E1-40). Búscase que os veciños das Casas da Ponte e o Mosqueiro contén cunha edificación para usos socioculturais rodeado dunha importante zona verde.
- i) Acondicionamento ambiental do cemiterio parroquial de Vilar de Santos próximo á aldea de Saá, recollendo a proposta sinalada no plan especial da mesma.
- j) Ampliación do espazo da Piscina Municipal (E2-35).
- k) Ampliación do Centro de Saúde (E2-34).

2.2.4. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES.

No que atinxe ao sistema de parques as prioridades ao noso xuízo deben ser:

- a) Acondicionamento de área recreativa no Mosqueiro (L1-25). Este espazo vai permitir contar cunha importante zona verde moi accesible e con amplas zonas de estacionamento para os seus visitantes grazas ao viario que se traza polo seu interior, así como a posibilidade de instalar todo tipo de elementos de exercicio biosaudables, xunto a zonas deportivas, para tódalas idades.
- b) Acondicionamento de espazo libre en Vilar de Santos 3 (L2-26). Situado ao suroeste da capital municipal, a intervención neste ámbito permitirá contar cun amplo espazo de espaxamento e a posta en valor dun pequeno bosque de arboredo tradicional presente na parcela.
- c) Acondicionamento do espazo libre no Vieiro (L1-28). Este espazo complementarase co xa existentes, nas inmediacións do núcleo.
- d) Acondicionamento de espazo libre na Venda (L1-26). Esta actuación permitirá incrementar notablemente a presenza de zonas verdes no norte do concello, co fin de mellorar a calidade de vida dos residentes, nesta zona.
- e) Acondicionamento de espazo libre no polígono de Santa Marta 5 (L2-18). Esta parcela municipal, obtida por cesión no desenvolvemento do Plan de Sectorización nº:1, permitirá incrementar a superficie de zonas verdes existentes no solo urbano consolidado industrial.
- f) Acondicionamento de espazo libre no polígono de Santa Marta 6 (L2-19). Esta parcela municipal, obtida por cesión no desenvolvemento do Plan de Sectorización nº:2, permitirá incrementar a superficie de zonas verdes existentes no solo urbano consolidado industrial.



- g) Acondicionamento do espazo libre en Castelaus 3 (L1-27). A intervención neste ámbito permitirá contar un amplo espazo de recreo a carón da estrada OU-531 que percorre o termo municipal de leste a oeste e que conta nas súas marxes con itinerarios peonís.
- h) Adquisición de terreos de espazos de sistema xeral existentes cuxo uso foi cedido ao Concello polos seus propietarios. Dado que os sistemas xerais segundo a LOUG han de ter titularidade pública, contéplase a adquisición dos mesmos. A relación de equipamentos incluídos é a seguinte:

Tipo	Clave	Nome	Clase	Superficie (m ²)
Espazo libre	L1-15	Área recreativa en Parada	SX	15,674

- i) Acondicionamento do espazo libre na aldea de Saá 1 (L2-20). Este ámbito permitirá encetar a dotación de zonas verdes na aldea de Saá.
- j) Acondicionamento do espazo libre na aldea de Saá 2 (L2-21). Tal e como acontecía no caso anterior este elemento contribuirá a incrementar a dotación de zonas verdes na aldea de Saá.
- k) Acondicionamento do espazo libre na aldea de Saá 3 (L2-22). Esta actuación incrementará as zonas verdes situadas no exterior da aldea de Saá.
- l) Acondicionamento do espazo libre na aldea de Saá 4 (L2-23). Esta actuación incrementará, como a anterior, as zonas verdes situadas no exterior da aldea de Saá.

2.3. ACCIÓNS PROGRAMADAS.

Estanse a por en marcha as primeiras fases de actuación dentro da Área de Rehabilitación Integral do Núcleo Histórico de Vilar de Santos (ARI), onde a colaboración entre o financiamento privado e as axudas públicas posibilitan a recuperación do tecido primixenio da capital municipal, xerando novas posibilidades económicas e un espazo para os cidadáns en xeral e os seus habitantes en particular de maior calidade. Dentro doutras actuacións urbanísticas que eventualmente se poidan levar a cabo, a medio prazo, destaca a previsión de ampliación do polígono industrial de Santa Marta, seguindo a demanda constante deste tipo de solo que se dá dende que se encetou a urbanización desta zona empresarial.



3. ESTIMACIÓN APROXIMADA DE CUSTOS DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

3.1. SISTEMAS XERAIS.

3.1.1. SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS.

3.1.1.1. En relación co viario interparroquial.

- 1) Melloras no viario local existente e acondicionamento de sendas e viarios peonís.

Custo aproximado da obra: 60.000 €

Administración actuante:

Concello (20 %)

Administracións non municipais: (80 %)

3.1.1.2. En relación co viario interno dos núcleos.

- 1) Acondicionamento e mantemento en distintos núcleos.

Custo da obra: 30.000 €

Administración actuante:

Concello (20 %)

Administracións non municipais: (80 %)

3.1.2. SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS BÁSICAS.

3.1.2.1. Rede de tratamento de augas residuais.

1. Construción dunha nova EDAR para 500 hab/eq en Casas da Veiga como reforzo da xa existente (E2-25).

Custo aprox. obras de conexión: 300.000 €

Administración actuante:

Administracións non municipais: (100 %)

3.1.2.2. Rede de recollida de augas pluviais.

1. Construción de redes de pluviais na contorna da capital municipal.

Custo aprox. obras de conexión: 231.840 €

Administración actuante:

Administracións non municipais: (100 %)

3.1.3. EQUIPAMENTOS.

1. Construción dun edificio sociocultural no polígono de Santa Marta (E2-30).

Custo aproximado da obra: 98.241 €



- Administración actuante:
Concello: (20 %)
Administracións non municipais: (80 %)
2. Construción dun punto limpo no polígono de Santa Marta (E2-31).
Custo aproximado da obra: 150.000 €
Administración actuante:
Administracións non municipais: (100 %)
3. Construción do estacionamento da aldea de Saá (E2-36).
Custo aproximado da obra: 74.447 €
Administración actuante:
Concello: (20 %)
Administracións non municipais: (80 %)
4. Reconstrución de dúas edificacións para aloxamentos turísticos na aldea de Saá.
Custo aproximado da obra: 60.912 €
Administración actuante:
Concello: (20 %)
Administracións non municipais: (80 %)
5. Adquisición de terreos correspondentes a equipamentos de sistema xeral dos cales o Concello ten actualmente concedido o uso por parte dos seus propietarios.
Custo aproximado da obra: 16.210 €
Administración actuante:
Concello: (50 %)
Administracións non municipais: (50 %)
6. Reconstrución de unha edificación para taller de tecidos artesanais na aldea de Saá.
Custo aproximado da obra: 105.000 €
Administración actuante:
Concello:
Administracións non municipais: (100 %)
7. Reconstrución de unha edificación para obradoiro de conservas tradicionais na aldea de Saá.
Custo aproximado da obra: 110.000 €
Administración actuante:
Concello:
Administracións non municipais: (100 %)
8. Construción dun edificio sociocultural en O Mosqueiro (E1-40).
Custo aproximado da obra: 124.355 €
Administración actuante:
Concello: (20 %)



Administracións non municipais: (80 %)

9. Acondicionamento ambiental do cemiterio parroquial de Vilar de Santos (E2-10).

Custo aproximado da obra: 65.000 €

Administración actuante:

Concello: (20 %)

Administracións non municipais: (80 %)

10. Ampliación do espazo da Piscina Municipal (E2-35).

Custo aproximado da obra: 12.322 €

Administración actuante:

Concello: (100 %)

11. Ampliación do Centro de Saúde (E2-34).

Custo aproximado da obra: 346.971 €

Administración actuante:

Administracións non municipais: (100 %)

3.1.4. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES.

1) Acondicionamento de área recreativa no Mosqueiro (L1-25).

Custo aprox. da obra: 124.588 €

Administración actuante:

Concello: (20 %)

Administracións non municipais: (80 %)

2) Acondicionamento de espazo libre en Vilar de Santos 3 (L2-26).

Custo aprox. da obra: 42.421 €

Administración actuante:

Concello: (20 %)

Administracións non municipais: (80 %)

3) Acondicionamento de espazo libre no Vieiro (L1-28).

Custo aprox. da obra: 20.707 €

Administración actuante:

Concello: (20 %)

Administracións non municipais: (80 %)

4) Acondicionamento de espazo libre na Venda (L1-26).

Custo aprox. da obra: 108.338 €

Administración actuante:

Concello: (20 %)

Administracións non municipais: (80 %)

5) Acondicionamento de espazo libre no polígono de Santa Marta 5 (L2-18).



- Custo aprox. da obra: 11.225 €
Administración actuante:
Concello: (20 %)
Administracións non municipais: (80 %)
- 6) Acondicionamento de espazo libre no polígono de Santa Marta 6 (L2-19).
Custo aprox. da obra: 25.492 €
Administración actuante:
Concello: (20 %)
Administracións non municipais: (80 %)
- 7) Acondicionamento de espazo libre en Castelaus 3 (L1-27).
Custo aprox. da obra: 26.420 €
Administración actuante:
Concello: (20 %)
Administracións non municipais: (80 %)
- 8) Adquisición de terreos correspondentes a espazos libres de sistema xeral dos cales o Concello ten actualmente concedido o uso por parte dos seus propietarios.
Custo aproximado da obra: 31.348 €
Administración actuante:
Concello: (50 %)
Administracións non municipais: (50 %)
- 9) Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 1 (L2-20)
Custo aprox. da obra: 13.415 €
Administración actuante:
Concello: (20 %)
Administracións non municipais: (80 %)
- 10) Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 2 (L2-21).
Custo aprox. da obra: 5.006 €
Administración actuante:
Concello: (20 %)
Administracións non municipais: (80 %)
- 11) Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 3 (L2-22).
Custo aprox. da obra: 32.079 €
Administración actuante:
Concello: (20 %)
Administracións non municipais: (80 %)
- 12) Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 4 (L2-23).
Custo aprox. da obra: 52.613 €
Administración actuante:



Concello:	(20 %)
Administracións non municipais:	(80 %)

3.2. ACCIÓNS PROGRAMADAS.

- 1) Ampliación do Polígono de Santa Marta (UDI-1).

Custo aproximado: 891.608 €

Administración actuante:

Administracións non municipais: (100 %)

- 2) Ampliación do Polígono de Santa Marta (UDI-2).

Custo aproximado: 448.741 €

Administración actuante:

Administracións non municipais: (100 %)



4. PROGRAMACIÓN DOS INVESTIMENTOS.

O presente PXOM vai a establecer unha programación de estratexia principal de 12 anos e un horizonte máximo duns 20 anos (nun escenario optimista) ou de 24 anos (nun escenario menos optimista) para as previsións totais (a semellanza do que debe ser a vida esperada dun PXOM, incluída a tramitación e aprobación do seguinte plan), por tanto será necesario realizar unhas previsións para as actuacións necesarias para desenvolver todos os usos, infraestruturas e dotacións necesarios (principalmente actividades económicas, dotacións e uso residencial) que poidan cubrir as necesidades, polo menos durante eses 20-24 anos (para poder cubrir tamén a eventual tramitación dun novo Plan) e cunha marxe de elasticidade a respecto da dilatación no tempo das demandas previstas en caso de realidades mais pesimistas das esperadas (ou pola contra a compresión do tempo en caso de mellorar notablemente as condicións, aínda que isto é menos probable).

Por tanto divídense as actuacións xa citadas por períodos temporais de tres cuadrienios para as actuacións da estratexia principal e o resto para as outras actuacións previstas fora dese prazo inicial de 12 anos, o que denominamos como "fora de programa", segundo se desglosa por actuacións no cadro seguinte:

PERÍODO/Actuación	Concello	Resto administracions	Custo total (€)
Acondicionamento e mantemento do viario interior en distintos núcleos	6.000	24.000	30.000
Construción de redes de pluviais no contorno da capital municipal	0	231.840	231.840
Construción dun edificio sociocultural en O Mosqueiro (E1-40)	24.871	99.484	124.355
Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 1 (L2-20)	2.683	10.732	13.415
Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 2 (L2-21)	1.001	4.005	5.006
1º CUADRIENIO	34.555	370.061	404.616
Melloras no viario local existente e acondicionamento de sendas e itinerarios peonís.	12.000	48.000	60.000
Construción dunha nova EDAR en Casas da Veiga para 500 hab./eq.	0	300.000	300.000
Construción dun punto limpo no polígono de Santa Marta (E2-31)	0	150.000	150.000
Construción de estacionamento na aldea de Saá (E2-36)	14.889	59.558	74.447
Acondicionamento ambiental do cemiterio parroquial de Vilar de Santos (E2-10)	13.000	52.000	65.000
Acondicionamento no espazo libre en O Vieiro (L1-28)	4.141	16.566	20.707
Acondicionamento no espazo libre do polígono de Santa Marta 5 (L2-18)	2.245	8.980	11.225
Acondicionamento no espazo libre do polígono de Santa Marta 6 (L2-19)	5.098	20.393	25.492
Acondicionamento de espazo libre en Castelaus 3 (L1-27)	5.284	21.136	26.420
Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 3 (L2-22)	6.416	25.663	32.079
Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 4 (L2-23)	10.523	42.090	52.613
2º CUADRIENIO	73.597	744.386	817.983



PERÍODO/Actuación	Concello	Resto administracions	Custo total (€)
Construcción dun edificio sociocultural no polígono de Santa Marta (E2-30)	19.648	78.593	98.241
Ampliación do espazo da piscina municipal (E2-35)	12.322	0	12.322
Acondicionamento da área recreativa en O Mosqueiro (L1-25)	24.918	99.670	124.588
Acondicionamento de espazo libre en Vilar de Santos 3 (L2-26)	8.484	33.937	42.421
Acondicionamento de espazo libre en A Venda (L1-26)	21.668	86.671	108.338
Ampliación do polígono de Santa Marta (UDI-1)	0	891.608	891.608
3º CUADRIENIO	87.040	1.190.478	1.277.518
Reconstrución de dúas edificacións para aloxamentos turísticos na aldea de Saá	12.182	48.730	60.912
Adquisición de terreos de equipamentos de sistema xeral cuxo uso ten o Concello.	8.184	8.184	16.367
Reconstrución de unha edificación para taller de tecidos artesáns na aldea de Saá.	0	105.000	105.000
Reconstrución de unha edificación para obradoiro de conservas vexetais na aldea de Saá.	0	110.000	110.000
Ampliación do Centro de Saude (E2-34)	0	346.971	346.971
Adquisición de terreos de espazos libres de sistema xeral cuxo uso ten o Concello.	15.674	15.674	31.348
Ampliación do polígono de Santa Marta (UDI-2)	0	448.741	448.741
FORA DE PROGRAMACIÓN	35.961	1.083.220	1.119.182



5. RESUMO DE CUSTOS.

O investimento total previsto no PXOM, é de 3,61 mill €, para o período próximo de 20 anos, porque hai que ter en conta os oito anos de solapamento ata esgotar a oferta de vivenda no escenario mais optimista. Así, dentro da propia programación para o horizonte dos vindeiros 12 anos (C1+C2+C3) resulta un total de 2,50 mill €, e o resto do programa ata os 20 anos serían outros 1,11 mill €, todo elo segundo o cadro que se reflicte de seguido como resume:

PERÍODO	Concello	Resto administraci3ns	Custo total (€)
1º CUADRIENIO	34.555	370.061	404.616
2º CUADRIENIO	73.597	744.386	817.983
3º CUADRIENIO	87.040	1.190.478	1.277.518
C1+C2+C3	195.192	2.304.925	2.500.117
FORA DE PROGRAMACION	35.961	1.083.220	1.119.182
Total	231.153	3.338.145	3.619.298
%	6,39%	93,61%	100,00%

5.1. RESUMO TEMÁTICO DE INVESTIMENTOS.

O resume das actuacións por tipo ou finalidade de investimento se recolle no cadro seguinte:

1º) Sistemas Xerais.	Euros
a) Sistema Xeral de Comunicaci3ns:	90.000
b) Sistema Xeral. de Infraestruturas B3sicas:	531.840
c) Sistema Xeral de Equipamentos:	1.163.458
d) Sistema Xeral de Espazos Libres:	493.652
2º) Acci3ns concertadas.	<u>1.340.349</u>
TOTAL	3.619.298 €

Achégase un cadro resume temático por tipo ou finalidade de todas as actuacións, no que se contemplan os distintos investimentos a realizar desagregados por capítulos, así como o custo estimado da súa realizaci3n e a participaci3n que poderían chegar a acadar distintas administraci3ns e inversores no seu financiamento, así como a súa clasificaci3n por períodos de execuci3n (co mesmo código de cor empregado nos apartados anteriores) ou de programaci3n, recollido no cadro da folla seguinte.



ACTUACIÓN	IMPORTE	ADMINISTRACIONES PÚBLICAS	
		MUNICIPAL	OUTRAS
	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE
1. SIST XERAL COMUNICACIÓN	90.000		
1.1. En relación co viario interparroquial.			
1) Melloras no viario local existente e acondicionamento de sendas e itinerarios peonís	60.000	12.000	48.000
1.2. En relación coa seguridade viaria interna dos núcleos.			
1) Acondicionamento e mantemento en distintos núcleos.	30.000	6.000	24.000
2. SIST XERAL INFRAESTRUTURAS BÁSICAS	531.840		
2.1. Rede de tratamento de augas residuais.			
1) Construción dunha nova EDAR para 500 hab/eq en Casas da Veiga (E2-25).	300.000		300.000
2.2. Rede de recollida de augas pluviais.			
1) Construción de redes de pluviais no entorno da capital municipal.	231.840		231.840
3. EQUIPAMENTOS	1.163.458		
1) Construción dun edificio sociocultural no polígono de Santa Marta (E2-30)	98.241	19.648	78.593
2) Construción dun punto limpo no polígono de Santa Marta (E2-31)	150.000		150.000
3) Construción de estacionamento na aldea de Saá (E2-36)	74.447	14.889	59.558
4) Reconstrución de dúas edificacións para aloxamentos turísticos na aldea de Saá	60.912	12.182	48.730
5) Adquisición de terreos de equipamentos de sistema xeral actualmente cedidos	16.210	8.105	8.105
6) Reconstrución de edificación para taller de tecidos artesanais en Saá	105.000	0	105.000
7) Reconstrución de edificación para obradoiro de conservas vexetais en Saá	110.000	0	110.000
8) Construción dun edificio sociocultural en O Mosqueiro (E1-40)	124.355	24.871	99.484
9) Acondicionamento ambiental do cemiterio de Vilar de Santos (E2-10)	65.000	13.000	52.000
10) Ampliación do espazo da Piscina Municipal (E2-35)	12.322	12.322	0
11) Ampliación do Centro de Saúde (E2-34)	346.971		346.971
4. ESPAZOS LIBRES	493.652		
1) Acondicionamento de área recreativa en O Mosqueiro (L1-25)	124.588	24.918	99.670
2) Acondicionamento de espazo libre en Vilar de Santos 3 (L2-26)	42.421	8.484	33.937
3) Acondicionamento do espazo libre en O Vieiro (L1-28)	20.707	4.141	16.566
4) Acondicionamento do espazo libre en A Venda (L1-26)	108.338	21.668	86.671
5) Acondicionamento do espazo libre no polígono de Santa Marta 5 (L2-18)	11.225	2.245	8.980
6) Acondicionamento do espazo libre no polígono de Santa Marta 6 (L2-19)	25.492	5.098	20.393
7) Acondicionamento de espazo libre en Castelaus 3 (L1-27)	26.420	5.284	21.136
8) Adquisición de terreos de espazos libres de sistema xeral actualmente cedidos	31.348	15.674	15.674
9) Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 1 (L2-20)	13.415	2.683	10.732
10) Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 2 (L2-21)	5.006	1.001	4.005
11) Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 3 (L2-22)	32.079	6.416	25.663
12) Acondicionamento de espazo libre na aldea de Saá 4 (L2-23)	52.613	10.523	42.090
5. ACCIÓNS CONCERTADAS OU PROGRAMADAS	1.340.349		
1) Ampliación do polígono de Santa Marta (UDI-1)	891.608		891.608
2) Ampliación do polígono de Santa Marta (UDI-2)	448.741		448.741
TOTAL	3.619.298	231.153	3.388.145



5.2. DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES.

Calculando o desenvolvemento deste estudo económico segundo a programación establecida para os períodos analizados, os investimentos que corresponden a cada Administración supoñen un montante anual por períodos que se recolle no cadro seguinte:

PERÍODO	Custos anuais	Concello	Resto administracions	Custo total (€)	Anos
1º CUADRIENIO		8.639	92.515	101.154	4
2º CUADRIENIO		18.399	186.097	204.496	4
3º CUADRIENIO		21.760	297.620	319.380	4
FORA DE PROGRAMACION		4.495	135.403	139.898	8



6. INFORME OU MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.



6.1. ENCAIXE DO CONCEPTO DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.

A necesidade dun *Informe ou memoria de sustentabilidade económica* incorpórase á documentación dos PXOM na modificación da LOUG derivada da Lei 2/2010, incorporada como documentación básica do PXOM no punto 1 i) do artigo 61 da LOUG refundida.

Por outra banda, e como fonte fundamental da determinación anterior, o Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo estatal, determina no apartado 4 do seu artigo 15 que, a documentación dos instrumentos de ordenación das actuacións de urbanización debe incluír *“un informe ou memoria de sustentabilidade económica, no que se ponderará en particular o impacto da actuación nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos”*.

Enténdese o concepto de sustentabilidade económica como a xustificación de que os custos do plan (e o posterior mantemento dos elementos que o requiran, no seu caso) poden ser asumidos polos distintos axentes que interveñen no seu financiamento, que dividiremos aos efectos do seu análise en tres grupos:

- O Concello.
- As administracións ou entidades públicas distintas do municipio.
- Os promotores privados, que denominaremos como “Mercado”.

Enténdese tamén como abondamento do contido do artigo 60.3 da LOUG no que atinxe á xustificación das previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello, e a “acreditación de conformidade” do financiamento de Sistemas Xerais e das actuacións previstas que se atribúan no Plan ás “administracións ou entidades públicas distintas do municipio”.

A este respecto, como xa se avanzaba no estudo económico, no que atinxe á distribución dos importes das obras necesarias para a execución das determinacións do Plan Xeral, as cantidades asignadas ás administracións distintas da municipal, mostran unha estratexia posible de actuación, e ***sempre teñen carácter indicativo***, servindo así como marco e base de posteriores acordos entre administracións. Cos informes favorables ao documento do PXOM por parte das distintas administracións, preceptivos para a súa aprobación, recoñecerase o seu coñecemento e visto e praxe ao mesmo.

Nos seguintes apartados xustificárase a sustentabilidade destas dúas fontes fundamentais (o Concello e as distintas administracións) de financiamento, que sumadas a iniciativa privada (o mercado) deberán soportar economicamente todos os custos derivados do PXOM (e o posterior mantemento dos elementos que o requiran, no seu caso).

6.2. SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DO SOLO DESTINADO A USOS PRODUTIVOS.

Na memoria xustificativa se analizaban as necesidades e a oferta derivada do análise, e a efectos informativos imos a recoller aquí aquel análise, que xustifica suficientemente este aspecto solicitado polo Real Decreto Legislativo 2/2008.

6.2.1. O SOLO EMPRESARIAL E AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

6.2.1.1. Estrutura produtiva e prognose de crecemento.

As sociedades e as súas economías son realidades complexas e dinámicas. Polo que o que cómpre é determinar con precisión as características do seu sistema produtivo, a súa evolución máis recente e, por descontado, as perspectivas futuras, que son as que interesan á hora de



redactar o planeamento municipal, para o que as tendencias da actividade económica e, consecuentemente, do emprego, son factores determinantes. Porque o planeamento, entre outras funcións, ten que dar resposta axeitada á demanda de solo, tanto para as diversas actividades produtivas (que son as que xeran emprego), como para o uso residencial e dotacións urbanísticas que demandará a poboación que vai ter na área o seu traballo.

No concello de Vilar de Santos o emprego experimenta un certo crecemento. Así, o crecemento de case 40 empregos entre 2001 e 2008 significou un aumento do 16,6% no período (unha media anual acumulativa do 2,22%). Se consideramos os últimos anos o crecemento de case 60 empregos entre 2001 e 2015 significou un aumento do 26,3% no período (unha media anual acumulativa do 1,68%).

Evolución do emprego en Vilar de Santos por sectores. 2001-2008-2015

	2001	2008	2015
Agricultura	62	57	49
Pesca	0	0	
Industria	47	69	34
Construción	5	27	37
Servizos	103	100	154
Total	217	253	274

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas. INE. Elaboración propia.

As proxeccións realizaranse cos datos medios anuais desde 2015, que como vemos son aproximadas a unha realidade que poida ser sostida nos anos vindeiros, polo tanto as proxeccións de emprego simplemente evolutivas no concello de Vilar de Santos para os próximos anos serían as seguintes (aínda que como veremos noutros apartados, se incorporamos os empregos estimados para as actuacións estratéxicas propostas, teríamos moitos máis traballadores).

Data	2001	2.018	2.022	2.026	2.030	2.041
Total de empregados	217	288	308	329	352	423
Incrementos medios anuais desde 2015		1,68%	1,68%	1,68%	1,68%	1,68%
Aumento de empregados desde 2015		14	34	55	78	149

A respecto do solo de usos industriais e comerciais que se ten incorporado como tal á actividade real nas últimas décadas teríamos, dunha banda as superficies cualificadas nun ámbito específico para estes usos no plan, (neste caso o Parque Empresarial desenvolvido en varios sectores urbanizables, e incluso Areas de Reparto en solo urbano sen desenvolver), e por outra banda, usos comerciais ou industriais que se desenvolveron en solo rústico, ben conxuntamente, por grupos ou illadamente noutras zonas do territorio (sobre todo en zonas dispersas), e que acadan unha magnitude conxunta que convén subliñar para ter en conta nas proxeccións. Os ámbitos principais deste tipo de usos recóllense no cadro axunto:

Localización ou clase de solo	Superficie	Factor disposición	Ocupado	Dispoñible
Parque empresarial	91.527	20,00%	73.222	18.305
Urbano non consolidado	30.188	35,23%	19.552	10.636
	121.715	23,78%	92.774	28.941
Parcelas comerciais/industriais espalladas polo resto do territorio	13.904	100,00%	13.904	0
Totais	135.619	21,34%	106.678	28.941

Teríamos por tanto dous grupos de parcelas con edificacións dedicadas a actividades produtivas desenvolvidas de xeito individual (excluíndo en calquera caso as pequenas actividades de escasa entidade económica ou territorial ou aquelas que se desenvolven nos núcleos en edificios de usos mixtos, pois o obxectivo é cuantificar a demanda daquelas que



deberían situarse en ámbitos específicos para esos usos) que se cuantifican nunhas 10,7 Ha brutas de solo de parcelas ocupadas e dedicadas a usos comerciais e produtivos.

Teríamos, tamén, unha demanda constante de solo sen cuantificar pero en principio moi importante, que fai que conforme se vai aprobando o planeamento de desenvolvemento de solo para actividades comerciais e industriais lixeiras no ámbito do polígono de Santa Marta e levando a cabo as correspondentes urbanizacións, a práctica totalidade dos terreos sexa ocupada en períodos de tempo relativamente curtos.

No que se refire ás actividades comerciais e industriais existentes, estas distribúense heteroxeneamente, nunha pequena porcentaxe no interior e os contornos, tanto dos núcleos rurais como do solo urbano mentres que a maioría xa se localizan dentro de parcelas do polígono de Santa Marta. Dito o cal é preciso ter en conta que algunhas das empresas que se sitúan fóra do solo urbano industrial ás veces contan cunha implantación territorial non acaída ou deficiente, e que poden optar por trasladar a súa actividade aos novos solos propostos co conseguinte aumento de demanda sobre os mesmos, que incrementaría os datos anteriormente apuntados de demanda de solo industrial.

6.2.1.2. As necesidades de reserva de solo produtivo.

As necesidades de solo produtivo veñen determinadas de xeito primordial polo ritmo do crecemento económico, a composición sectorial e tecnolóxica do mesmo e por procesos de deslocalización e relocalización de actividades existentes. A xeografía desas necesidades depende, así mesmo, do patrón territorial da actividade económica e da marcada tendencia á aglomeración e polarización das actividades produtivas nas últimas décadas, ampliada pola influencia decisiva dos nós mellor comunicados no marco dunha economía de fluxos. As esixencias medioambientais e os novos criterios de ordenación do espazo urbano e non urbano inciden e condicionan tamén as pautas de localización.

As proxeccións de necesidade de solo para actividades económicas son, polo tanto, máis complexas que as que se van a realizar para o uso residencial, por existir menos referencias estatísticas e por regularse por parámetros difíciles de cuantificar, pero aínda así utilizaremos os seguintes parámetros:

- As proxeccións de emprego para os próximos anos a partir da súa evolución nos últimos anos.
- A posta no mercado de novas empresas ou solo para actividades empresariais, desde a aprobación do PXOM e o seu nivel de utilización.
- As necesidades de relocalización de actividades mal implantadas no territorio, que poidan optar polo cambio de asentamento.
- A demanda constante de solo empresarial que provocou en 11 anos a aprobación dun plan parcial e dous plans de sectorización para usos industriais e comerciais lixeiros con notable éxito de ocupación.

Estes parámetros cuantificáronse no apartado anterior e a dedución de proxeccións de espazo a cualificar imos a realizala a partir deses datos, porque é doado establecer unha equivalencia entre os postos de traballo que se crearán e a superficie de uso empresarial necesaria para eses traballadores estimados.

Procédese por tanto a establecer unha primeira aproximación para deducir a proporción de postos que serán necesarios para actividades loxísticas, produtivas e de almacenaxe (que serán as que precisen de novo solo especializado), para o que podemos considerar unha porcentaxe do 75%, e logo unha estimación cuantitativa para o parámetro de superficie de solo neto de parcela necesaria. Para cuantificar os postos de traballo que se poden xerar establécese o seu consumo de superficie por posto de traballo en función dos distintos tipos de actividade xeral que se poderán desenvolver aquí, podendo establecer un parámetro duns 150 m²/traballador.



Este parámetro de parcela neta deberá transformarse en solo bruto de ámbito (incluíndo as cesións para dotacións, viario, aparcadoiros, etc) a desenvolver e urbanizar (que será o parámetro que mida a necesidade de solo a clasificar no PXOM). A aplicación dos parámetros anteriormente descritos recóllese sucesivamente no cadro seguinte:

Data	2001	2.018	2.022	2.026	2.030	2.041
Total de empregados	217	288	308	329	352	423
Incrementos medios anuais desde 2015		1,68%	1,68%	1,68%	1,68%	1,68%
Aumento de empregados desde 2015		14	34	55	78	149
% Usos específicos con demanda solo	85%	12	29	47	66	126
m ² parcela / posto traballo	150	1.790	4.321	7.026	9.917	18.938
% parcela neta / bruto ámbito	0,65	2.754	6.648	10.809	15.258	29.136

Se a estas necesidades estimadas por evolución produtiva de empregos, lle sumamos as demandas derivadas da necesidade de relocalizar actividades existentes mal implantadas, ofertando solo alternativo para o seu traslado, a necesidade global de solo para actividades empresariais por estas circunstancias é de polo menos 5 Ha. de solo bruto. Por outra banda temos como parámetro complementario de referencia o solo realmente destinado a estes usos nos últimos tempos, que como vimos eran de 10,7 Ha. brutas de parcela ocupada, e tendo en conta que existía solo dispoñible xa clasificado e cualificado (unhas 3 Ha.), precisaríanse unhas novas 7 Ha. brutas de terreo clasificado para cubrir as necesidades e previsións realizadas.

6.2.1.3. As previsións de solo para actividades económicas no plan.

As proxeccións de necesidade de solo para actividades económicas cuantificáronse no apartado anterior e a translación desas necesidades debe reflectirse na clasificación do solo do PXOM.

As reservas que o plan vai a dedicar a uso empresarial en zonas de solo urbanizable recóllense no cadro seguinte:

CLAVE	ZONA	SUPERFICIE m2
UDI-1	Vilar de Santos	55.260
UDI-2	Vilar de Santos	23.970
UNDI-1	Vilar de Santos	22.064
Totais		101.294

A reserva no PXOM é de unhas 10 Ha. de solo urbanizable para usos industriais-comerciais (tanto delimitado como non delimitado), ao que hai que engadir as case 2,1 Ha. de solo urbano clasificado, aínda dispoñible, en total unhas 12,1 Ha. brutas, superando pois as estimacións de demanda realizadas.

6.3. O FINANCIAMENTO MUNICIPAL DO PLAN XERAL.

O conxunto de actuacións públicas que comprenden as propostas do Plan Xeral correspóndense coa planificación, execución e xestión dos sistemas xerais e infraestruturas básicas que o concello precisa e, no seu caso, tamén coas ampliacións do polígono industrial de Santa Marta. Nestas accións interveñen, ademais do Concello distintas administracións públicas, ben directamente ou a través da concesión de subvencións, en función das súas competencias e dos hábitos investidores.

O investimento do Concello non só financia o desenvolvemento urbanístico (sistemas locais e xerais do planeamento) senón tamén o investimento “non urbanístico” (mobiliario urbano, instalacións informáticas, dotacións en edificios de interese cultural, circulación...) e,



especialmente, o investimento de “reposición” destinado a manter en uso adecuado os activos do patrimonio municipal. As previsións de investimento farán referencia ao conxunto do investimento xestionado polo orzamento municipal.

Os apartados de diagnóstico e situación actual parten da dimensión e a evolución das principais magnitudes de ingresos e gastos de funcionamento, o aforro neto e o investimento non financeiro do período recente (2002-2009, abondando dous anos máis a respecto dos datos do EEF), así como dos principais indicadores económicos e financeiros, e segue coa referencia dos niveis de investimento acadados no dito período e o seu financiamento, que deben servir de base ás previsións.

Finalmente, arguméntase a viabilidade global para o investimento do concello, como base para o deseño do Programa de Prioridades.

As previsións baséanse nunha hipótese continuísta de crecementos de ingresos e de gastos futuros, para o período de programación do Plan, isto é sen ter en conta a actual conxuntura de crise económica e descenso do PIB, considerando acadar un obxectivo de capacidade de investimento medio, polo menos semellante ao investimento medio liquidado no período anterior (0,34 M€, aproximadamente ou 344 Mptas. cos datos analizados no EEF ata 2007, pero cos datos ata 2009 acadan os 0,48 M€), que é un indicador da capacidade de xestión municipal.

Logo analizaranse os ingresos municipais específicos derivados do desenvolvemento e materialización do PXOM, como fonte de reinvestimento municipal (a sumar, polo menos parcialmente a súa capacidade actual de investimento no eido urbanístico), que normalmente se complementan con incrementos da escala de financiamento xeral municipal, que aumenta significativamente os ingresos municipais no reparto estatal e doutras administracións periféricas.

Finalmente, arguméntase a viabilidade global para o investimento do concello, como base para o deseño do Programa de Prioridades.

6.3.1. A ANÁLISE DA CAPACIDADE INVESTIDORA MUNICIPAL RECENTE.

A análise básica financeira do Concello se ten analizado no documento da estratexia de actuación e o estudo económico, e no presente apartado imos a profundar máis sobre aqueles aspectos vinculados a determinar a capacidade real municipal de poder asumir o custo derivado da execución do PXOM nos anos vindeiros, a partir da análise detallada dos orzamentos liquidados dos últimos anos, engadindo os últimos datos dispoñibles.

6.3.1.1. A Conta Financeira 2004-2009.

A Conta Financeira correspondente ás liquidacións dos exercicios 2004 a 2009 permite coñecer cal foi a evolución efectiva dos dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas netas, así como o aforro para obter as claves do funcionamento financeiro das contas municipais e poder extraer conclusións relevantes a respecto da situación financeira do concello, para poder establecer pautas de comportamento ou posibilidades futuras de evolución. No cadro seguinte recóllense as cifras correspondentes:



(Euros correntes)	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Variación global %
Impostos (cap.I e II)	83.671	92.443	85.055	90.337	117.168	125.813	50,37
Taxas e prezos públicos (cap.III - CE)	42.796	41.157	45.443	54.074	61.061	46.901	9,59
Transferencias correntes (cap.IV)	299.863	502.688	579.164	677.903	690.724	445.825	48,68
Ingresos patrimoniais (cap. V)	2.261	614	1.061	9.971	11.354	3.435	51,92
1.- Total Ingresos Correntes	428.592	636.901	710.723	832.286	880.306	621.974	45,12
Persoal (cap.I)	155.380	362.895	407.788	467.962	494.220	306.384	97,18
Compra de bens e servizos (cap.II)	164.000	154.215	179.439	209.415	237.825	167.859	2,35
Gastos financeiros (cap.III)	1.095	1.821	2.285	2.683	2.540	1.212	10,72
Transferencias correntes (cap.IV)	35.030	30.743	26.416	28.741	10.636	11.255	-67,87
2.- Total Gastos Correntes	355.504	549.674	615.927	708.801	745.222	486.710	36,91
Gastos de funcionamento (cap.I, II e IV)	383.535	595.131	664.219	768.241	807.892	571.638	49,04
3.- Aforro bruto (1-2)	73.087	87.227	94.796	123.485	135.084	135.264	85,07
4.- Gastos de capital financeiros (cap. IX, agás curto prazo)	19.145	652	5.604	17.515	5.565	6.283	-67,18
5.- Aforro neto (3-4)	53.942	86.575	89.192	105.969	129.519	128.981	139,11
Contribucións especiais (art. 3.6 de ingresos)*	0	0	0	0	0	0	
Transferencias de capital (cap. VII de ingresos)	90.689	177.916	712.961	559.004	270.006	966.639	965,88
Enaxenación de investimentos (cap. VI de ingresos)	9.804	10.688	0	0	0	0	-100,00
6.- Ingresos de capital non financeiros	100.493	188.604	712.961	559.004	270.006	966.639	861,90
7.- Autofinanciación (5+6)	154.435	275.179	802.153	664.973	399.525	1.095.620	609,44
Investimento real (cap. VI de gastos)	212.766	252.997	448.593	664.965	562.799	1.201.725	464,81
Transferencias de capital (cap.VII de gastos)	0	0	0	0	0	0	
8.- Gastos de capital non financeiros	212.766	252.997	448.593	664.965	562.799	1.201.725	464,81
9.- CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (7-8)	-58.330	22.181	353.560	8	-163.274	-106.104	81,90
Variación activos financeiros (cap. VIII de ingresos- cap. VIII de gastos)	0	0	0	0	0	0	
Endebadamento (cap. IX de ingresos)	65.000	12.030	0	0	0	0	-100,00
10.- Saldo financeiro	65.000	12.030	0	0	0	0	-100,00
11.- SUPERÁVIT OU DÉFICIT DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA (9+10)	6.670	34.211	353.560	8	-163.274	-106.104	-1.690,84


Cómpre sinalar que o notable incremento dos ingresos correntes ata 2008 foi bastante parello a respecto dos gastos correspondentes, o que ten levado a unha evolución sostida do aforro bruto crecente, e o mantemento (e incluso diminución) dos gastos de capital dende 2004 axuda a controlar en certa medida esa situación, que leva a un superávit de aforro neto de 0,13 M€ en 2009 (crecente dende 2004).

Por outra banda, os ingresos de capital non financeiros mantéñense con altibaixos notables en todo o período, pero aumentan significativamente en 2009 (polo efecto do PlanE), o que leva á conclusión de que as posibilidades de autofinanciación do concello foron positivas con altibaixos ata 2007, pero teñen empeorado significativamente nos dous últimos anos analizados porque se mantivo o nivel de investimento, o que supón que o Concello vén obrigado a recorrer a remanentes, a venda de activos ou a necesidade de financiamento ou créditos), feito que limita de xeito importante as condicións financeiras municipais para os próximos anos (de seguir a tendencia dos últimos dous anos, feito moi notable en tempos de crise), pero só a respecto do investimento, pois o gasto corrente, púidose financiar autonomamente en todo o período.




6.3.1.2. O investimento no Concello de Vilar de Santos nos últimos anos.


Explicar primeiramente que a partir do detalle de investimentos dende o ano 2002 a 2009, con maior ou menor detalle de desagregación entre administracións, e de onde se poden obter certas e interesantes consideracións a respecto do investimento real neste concello. Analizaremos, en primeiro lugar as achegas por transferencias de capital das distintas administracións (dado que o resto de procedencias das transferencias de capital son case irrelevantes, salvo casos moi puntuais en determinados exercicios).



Como ben se refire nos cadros resumo anteriores, o investimento dos últimos anos a cargo do concello vén soportado con cargo ás transferencias de capital da Deputación, e as subvencións da Xunta de Galicia, acadando porcentaxes moi baixas ou mesmo nulas nalgúns anos o investimento con cargo ás transferencias de capital do Estado (salientando o efecto distorsionador do PlanE en 2009).



Dentro desta **distribución dos ingresos por transferencias de capital**, sinalar finalmente que a principal administración, por importe do ingreso total no período 2002-2009, é a Xunta de Galicia, co 76% do total, mentres que a Deputación tan só chega ata o 19% do total, quedando o resto repartido entre as transferencias de capital do Estado co 5%.




Cómpre salientar a variabilidade do investimento procedente das diferentes administracións nestes últimos anos, o que fai pensar claramente no maior ou menor pulo político para cada unha das actuacións configuradas, de xeito que o propio Concello sofre dunha importante incerteza para configurar os seus orzamentos ou, cando menos, de levalos adiante de xeito efectivo.


O resultado pódese enfocar despois cara a prever novos investimentos xustificadas nun proceso histórico de mantemento de ingresos, ou ben a tentar dar un xiro que debeña en novos modos de planear os posibles ingresos por taxas e impostos, de transferencias de capital, e os conseguintes investimentos axeitados aos novos desenvolvementos previstos.




No referido ao apartado de Gastos, a análise refírese ao **capítulo 6 de Investimentos Reais**, dos que se teñen achegado datos de liquidacións entre os anos 2002 e 2009. Neste campo, salienta a importante variabilidade anual das contías deste capítulo, que poñemos en comparanza no gráfico seguinte cos ingresos por transferencias de capital denantes analizadas.



Dado que como xa temos sinalado, o resto de procedencias das transferencias de capital son irrelevantes, o resto de investimento (non temos aquí en conta as transferencias de capital efectuadas polo concello a favor doutros) realízase con recursos habilitados por diversos medios por parte do Concello (ben con recursos propios de aforro, con outros recursos non correntes, con créditos concedidos, ou ben xerando déficit ou endebedamento complementario). Trataremos de representar estas diversas procedencias ou resultados deficitarios no cadro seguinte, onde tamén se desagregan as transferencias de capital e as súas respectivas procedencias.



É importante salientar que en case todos os anos os investimentos puideron ser financiados coa achega das outras administracións ou con fondos propios, en proporcións significativas, (2003 a 2009), mentres noutros casos se fixo principalmente mediante o recurso da concertación de préstamos (2004), sendo preciso recorrer á xeración de déficit (en 2002, 2008 e 2009). Esta situación máis preocupante dos últimos dous anos, xunto coa porcentaxe decrecente de recursos propios empregados, derivan nunha situación da facenda municipal, que non permite manter con folgora o nivel de investimentos no futuro (de manterse esa tendencia ou se se agudiza pola crise), situación que se representa axeitadamente no gráfico seguinte, en porcentaxes, e separado o investimento con recursos (mesmo os procedentes de créditos ou préstamos concedidos) e –no seu caso- o déficit xerado.



6.3.1.3. Análise dos custos de mantemento municipal de dotacións e servizos.

Os custos de mantemento municipal de infraestruturas, dotacións e servizos extraírense da análise da clasificación funcional das liquidacións de presupostos municipais, analizándose e contextualizándose para extraer conclusións e datos económicos que permitan avanzar uns custos de mantemento futuro de novos servizos que se porán en marcha en desenvolvemento do PXOM. No seguinte cadro recóllense os correspondentes á liquidación de presupostos de 2009 e agrúpanse funcionalmente aqueles que se poden desagregar e afectan directamente ás prestacións que se derivarán directamente da execución do PXOM.



Clave funcional	Natureza funcional do gasto	2009	€/Hab	
22	Seguridade e protección civil	14.535	14,67	
31	Seguridade e protección social	78.047	78,76	93,42
41	Sanidade	520	0,52	
42	Educación	3.030	3,06	
451	Promoción e difusión da cultura	23.303	23,51	
452	Educación física, deportes e esparexemento	0	0,00	
46	Outros servizos comunitarios e sociais	1.739	1,75	28,85
43	Vivenda e urbanismo	40.452	40,82	
441	Saneamento, abastecemento e distribución de augas	27.657	27,91	
442	Recollida de lixo e limpeza viaria	0	0,00	
443	Cemiterios e servizos funerarios	0	0,00	
44a	Outros servizos de benestar social	36.199	36,53	105,25
511	Estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas	1.189.691	1200,50	
512	Recursos hidráulicos	0	0,00	
513	Transporte terrestre, marítimo, fluvial e aéreo	0	0,00	
51a	Outras infraestruturas básicas e transportes	0	0,00	
52	Comunicacións	0	0,00	1200,50
TOTAL das funcións seleccionadas		1.415.172	1.428,02	
GASTO TOTAL MUNICIPAL ANUAL		1.694.718		
% funcións respecto gasto total		83,50%		

Aquelas prestacións ou servizos que non teñan referente territorial (ou que non se poidan dispoñer datos relativos a esa implantación territorial) tomaranse con referencia a poboación a que serven (ou á poboación total municipal no seu defecto), para determinar un custo asignable aos novos crecementos ou desenvolvementos previstos, ou a mellora necesaria dos servizos e dotacións actuais para servir a unha poboación maior.

Tamén existiran servizos que demandan custos de mantemento dende o mesmo momento da súa implantación (como os servizos equipamentais ou dotacionais), e outros que terán un período de carencia ou de innecesiedade de mantemento a partir do momento da súa construción (como as obras de urbanización en xeral ou algúns dos servizos urbanísticos), período a partir do que si empezarán a precisar labores crecentes de mantemento ou reposición, por tanto estes períodos de carencia de mantemento valoraranse segundo o tipo de obra ou servizo. Así mesmo algúns dos servizos prestados polo Concello repercutiranse directamente ao consumidor e teoricamente serán autosostibles ou autofinanciables (como os residuos sólidos urbanos, o abastecemento de auga ou o saneamento, que poderán ser xestionados por empresas prestatarias ou subministradoras), e por tanto, con carácter xeral, non suporán custos a soportar directamente polo Concello, pero outros como o alumeadado público, a limpeza viaria ou o mantemento e reparación do sistema viario municipal correrán a cargo directo do Concello, e suporán gastos anuais que haberá que cuantificar.

A partir dos datos reais de custos da liquidación de presupostos municipais de 2009 recollidos no cadro anterior, e tendo en conta as posibles variacións de custo, segundo a localización, as necesidades reais de mantemento e o uso esperado (diferenciando entre os que se sitúan nos núcleos de poboación e os situados no medio rural), elaboramos o seguinte cadro de custos e unidades de medida para calcular unha estimación de gastos de mantemento municipal de infraestruturas, dotacións e servizos.



Claves funcionais intervinientes	Natureza funcional do gasto	Custo unitario	Unidade de medida
22, 31	Seguridade e protección civil e social	93,42	€/Hab
41, 42, 451, 452, 452, 46, 443	Equipamentos e dotacións	28,85	€/Hab
511	Mantemento construtivo e reposición de novo viario público municipal nos núcleos de poboación	1,354	€/m2
43	Mantemento construtivo e reposición de novo espazo libre público municipal nos núcleos de poboación	0,451	€/m2
43, 442	Mantemento espazo público municipal nos núcleos de poboación (inclúe limpeza, alumeadado público e conservación xardíns)	0,955	€/m2
43, 442	Mantemento espazo público municipal no medio rural (inclúe limpeza, alumeadado público, conservación xardíns e reposición construtiva)	0,318	€/m2
513	Transporte terrestre, marítimo, fluvial e aéreo	Non é preciso un servizo municipal deste tipo neste concello	
441	Saneamento, abastecemento e distribución de augas	Autofinanciados	
442	Recollida de lixo	Autofinanciado	

6.3.2. ESTIMACIÓN BASE DA CAPACIDADE DE INVESTIMENTO MUNICIPAL PARA O PXOM.

Non toda a capacidade de financiar investimento con aforro e crédito pode dedicarse a financiar investimento urbanístico novo, é dicir, investimento do Plan, senón que unha parte ten que cubrir as necesidades mínimas de reposición de activos e de investimento non urbanístico. Ditas necesidades supoñen unha media aproximada do 30 ao 50% do total de investimento municipal anual nun concello dinámico en crecemento, pero para un concello con pouca poboación como este imos a rebaixar máis esa porcentaxe como reserva para os gastos doutro tipo, por tanto a capacidade de investimento podemos estimala nuns 188 euros/habitante/ano, prorrateando ao 40% a cifra total de investimento medio calculado en apartados anteriores.

A respecto da previsión de recursos dispoñibles para investimento nos próximos anos, pártese da análise da facenda municipal nos últimos anos (2006-2013), establecendo unha hipótese de evolución que teña en conta algunhas condicións de continuidade dos orzamentos liquidados para investimento.

O investimento medio anual, realizado no concello de Vilar de Santos, era de 0,34 M€ cos datos analizados ata 2007 nos apartados iniciais do EEF realizados en fases anteriores, pero cos datos ata 2013 é de 0,47 M€, como podemos ver no seguinte cadro actualizado.

Valores en Euros.	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	Medios
Contribucións Especiais liq.	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Inversión liquidada (cap. VI + cap. VII)	448.593	664.965	562.799	1.201.725	369.578	168.398	151.415	171.530	467.375
Transferencias de capital (cap. VII/Ingresos.)	712.961	559.004	270.006	966.639	274.170	68.119	101.170	108.701	382.596
Venta de activos (cap. VI/Ingresos)	0	0	0	0	0	0	97.350	1.095	12.306
Endebadamento (cap.IX/Ingresos)	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Como se pode comprobar na táboa anterior os investimentos anuais realizados no municipio non seguen unha traxectoria excesivamente regular e facilmente analizable, polo que facer unha previsión sobre a evolución dos mesmos no futuro resulta dificultoso. A diferenza entre o



investimento menor realizado no 2.012 (151.415 €) e no 2009 cun investimento de 1.201.725 €, é considerable.

Polo tanto para facer unha previsión do investimento aplicable ao P.X.O.M para os vindeiros anos partiremos da evolución do investimento dos últimos anos de evolución normalizada poscrise (2011-2013, que ademais conforma unha boa continuidade dos datos), debido ás dificultades que se poden observar para intentar establecer unha secuencia investidora máis ou menos previsible co que se poidan establecer valores de investimento máis fiábeis, polo tanto tomaremos ese valor de investimento en 2013 como referente válido e como punto de partida para asignar cantidades investidoras asumibles polo concello de Vilar de Santos, engadíndolle un % de variación tomado en base ao crecemento real nese período estimado 2011-2013, que acada o 1% anual. Partindo deste investimento base e esa evolución porcentual, previsible para os seguintes anos, aplicaremos un crecemento constante nos vindeiros anos, nunha porcentaxe constante do 1 % cada ano, sobre o anterior, e partindo do ano 2018 como o primeiro no que se podería aprobar o plan.

Establécese este procedemento de investimento, tendo en conta o efecto positivo que a aplicación do Plan Xeral terá en Vilar de Santos (aínda que os efectos directos derivados do desenvolvemento do plan detallaranse máis no seguinte apartado), polo que a capacidade investidora do concello ten que ir en aumento.

	ANOS	INVESTIMENTO PREVISTO	INVESTIMENTO NO PXOM
1	2018	180.279	72.112
2	2019	182.082	72.833
3	2020	183.903	73.561
4	2021	185.742	74.297
5	2022	187.599	75.040
6	2023	189.475	75.790
7	2024	191.370	76.548
8	2025	193.284	77.314
9	2026	195.217	78.087
10	2027	197.169	78.868
11	2028	199.141	79.656
12	2029	201.132	80.453
		2.286.393	914.557
FORA PROGRAMA	2030	203.143	81.257
	2031	205.175	82.070
	2032	207.226	82.891
	2033	207.226	82.891
	2034	207.226	82.891
	2035	207.226	82.891
	2036	207.226	82.891
	2037	207.226	82.891
		1.651.677	660.671

A programación da execución do Plan Xeral faise para un período de iniciación de todas as actuacións de 12 anos que comprende tres períodos de catro anos, a partires do exercicio 2018, e logo un remate de actuacións e o esgotamento da oferta do plan (que denominamos Fóra de Programa) durante oito anos máis, ata 2037 nun escenario optimista. Se consideramos unha dispoñibilidade de recursos provenientes de aforro e crédito para investimento urbanístico novo, segundo o sinalado no cadro anterior, a capacidade total para financiar os investimentos asignados polo Plan ao municipio, será de **0,9 M€** no período **2018-2029**, e outros **0,6 M€** no período Fóra de Programa (**2030-2037**).



Aos recursos anteriores, o concello poderá engadir outros recursos adicionais de investimento, derivados do desenvolvemento do plan (que se detallarán máis no seguinte apartado), para poder acadar a capacidade financeira necesaria para acometer as súas obrigas estimadas de investimento.

6.4. ESTIMACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO E MATERIALIZACIÓN DO PXOM, COMO FONTE DE REINVESTIMENTO MUNICIPAL.

A respecto das cuestións económicas, non nos atopamos evidentemente, na mellor das situacións, incluso tendo en conta que a situación vai transitoriamente a peor (pois, por exemplo, o rixido plan de contención que se acaba de poñer sobre a mesa polo goberno estatal a mediados de 2010, limita a capacidade de endebedamento das administracións, en principio para os concellos moi endebedados e só para o ano 2011), pero por outra banda, cada vez inténtase reducir máis o horizonte do Plan (12 anos), por tanto téntase ir ao límite das necesidades reais de Vilar de Santos para un prazo maior (entre 12 e 20 anos), sen perder o potencial residencial e económico que o concello e a vila demandan, e evidentemente o Concello ten un papel primordial nestas decisións, e logo en afrontar os custos derivados proporcionais que lle correspondan.

Dando por suposto que a situación do Concello na hipotética situación de desenvolvemento total do plan, nos prazos previstos, implica moita máis capacidade económica da que se recolle no apartado anterior (como capacidade nas condicións actuais), pois en realidade esa materialización do plan implica en primeiro lugar uns importantes ingresos polos acordos de contraprestacións económicas suplementarias derivadas de convenios urbanísticos (no seu caso), ou pola materialización económica dunha parte –que se pode estimar- das cesións de aproveitamento ao concello en ámbitos de desenvolvemento, despois por importes de taxas e impostos de construción e urbanización, e logo unha vez construídas as edificacións, impostos polo valor inmobiliario das mesmas e os correspondentes as achegas impositivas dos novos habitantes e usuarios desas construcións, por tanto, o investimento do propio concello na materialización do PXOM non é un gasto sen máis, senón a semente para aumentar o seu potencial económico e de estatus administrativo ou institucional, e recoller novos froitos económicos cos que poder reinvestir e completar o custo económico de desenvolvemento previsto no PXOM e asignable ao Concello. No caso de que a materialización do plan se alongue máis no tempo tamén se rebaixará proporcionalmente a necesidade de investimento municipal, e se manterá o equilibrio do investimento e a súa necesaria sustentabilidade.

Nos seguintes apartados imos a intentar recoller os principais recursos económicos que se derivarán do desenvolvemento total do plan.

6.4.1. VALORACIÓN DO 10% DO APROVEITAMENTO TIPO DO CONCELLO.

Segundo se recolle no art. 176.1 da LOUG, as cesións do 10% do aproveitamento urbanístico debe formar parte do Patrimonio Municipal do Solo cuxa finalidade consiste en “obter reservas de solo para actuacións públicas, facilitar a execución do Plan e contribuír á regulación do mercado de terreos destinados ao desenvolvemento urbanístico”. Establécese tamén no art. 177.2. que “o concello poderá allear os terreos incluídos no patrimonio municipal do solo, así como substituír a cesión dos terreos correspondentes ao 10% do aproveitamento lucrativo por cantidade en metálico... debendo destinar os recursos obtidos a algunha das finalidades (do patrimonio municipal de solo)...”, se ben “cando exista demanda de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, polo menos o 50% dos bens e dereitos obtidos con cargo ao 10% de cesión obrigatoria será destinado preferentemente a cubrir dita necesidade”.

Dito isto, e dadas as especiais circunstancias deste concello eminentemente rural, sen iniciativa privada con capacidade económica, e dado o acontecido nas últimas décadas a respecto do desenvolvemento urbanístico, as iniciativas deste tipo só poderán partir da iniciativa pública (basicamente municipal, como sempre aquí), por tanto imos a obviar o cálculo de cesións de aproveitamento, porque normalmente non existirán.



6.4.2. CUANTIFICACIÓN GLOBAL DOS RECURSOS ECONÓMICOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

Os datos se obteñen cos valores dos impostos e taxas facilitadas polo Concello de Vilar de Santos, sendo basicamente as seguintes:

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de apertura de establecementos.

Por outra banda, os ingresos por impostos e licencias de obras, apertura e primeira ocupación se obteñen aplicando ditas taxas ao número de licencias supostas que se pedirían de acordo coa ordenación para os diferentes usos e tipoloxías edificatorias, facendo unha distinción básica entre usos residenciais (e asimilables) e non residenciais (basicamente os industriais).

En referencia aos ingresos derivados do IBI, as cotas por este imposto catastral estímase a partir da última liquidación deste imposto nos presupostos liquidados municipais, extrapolando o incremento a partir dunha proporción simple das novas construcións previstas por períodos temporais no PXOM a respecto das existentes no momento actual (das que si temos as cotas realmente satisfeitas).

A cuantificación de todos estes novos ingresos derivados dos novos recursos que o plan en desenvolvemento porá en mans do Concello, supera con creces as achegas que corresponden ao concello no presente PXOM (aínda que con toda lóxica estimemos que boa parte deses novos ingresos non se poida destinar efectivamente ao desenvolvemento do PXOM). No cadro seguinte imos a intentar recoller os principais recursos económicos que se derivarán do desenvolvemento total do plan.

Potencial económico do PXOM	Tasa ou %	Medición/ Proporción	MEDIA ANUAL	TOTAL
CONCELLO	Actual	PXOM		
Taxa licenzas apertura establecementos	60 a 240 €	154	926	18.517
ICIO Edificación residencial	(2%),657	126.091	82.862	1.657.248
ICIO Edificación industrial	(2%),212	129.305	27.532	550.635
ICIO Urbanización de ámbitos	(2%)	3.386.189	3.386	67.724
Incremento medio IBI	80,58%	63.267	31.633	628.288
IBI actual	0,4	78.517		
		TOTAL	146.340	2.922.411
	Pob actual	922	158,72	€/hab
	Pob horizonte	1.633	89,62	€/hab

Por poñer un exemplo, só coa nova construción de uso residencial e asimilados que contempla o PXOM e coas taxas e tarifas actuais de construción, os ingresos municipais polo imposto de construcións, instalacións e outros (ICIO) acadaría para as novas edificacións deste uso case 1,7 millóns de euros, que sumados ás taxas para outros usos ou tipoloxías edificatorias e as obras de urbanización dos ámbitos de planeamento contemplados mais as licenzas de apertura de establecementos, pode elevarse noutros 0,7 millóns de euros.

Por outra banda o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) de 78.517 euros anuais en 2012 se incrementaría significativamente coa materialización da construción prevista no plan (polo tanto en máis de 63.267 euros anuais a maiores de ingresos (a teito de planeamento), que se irán consolidando ata ese máximo de forma progresiva a medida que se materializan as edificacións, por tanto podemos estimar unha media anual de 31.633 euros que para os 20 anos de horizonte do plan implican outros 0,63 millóns de euros.

Contando con estas cantidades suplementarias, que (ademais dos recursos propios e a capacidade de endebedamento, que non se inclúen nesta cifra, polo menos unha vez liberadas as limitacións a este respecto establecidas polo Goberno Central para 2011), se poden dedicar ao PXOM (case 3 millóns de euros), cubriría dabondo a achega indicada para o Concello polo



PXOM no suposto da súa materialización total (supón unha capacidade de investimento suplementaria duns 158 €/hab./ano a respecto da poboación actual, e de 89 €/hab./ano, a respecto da poboación horizonte do PXOM).

De calquera xeito, pensamos que aínda que estea xustificada a viabilidade das previsións, a situación económica nestes intres é suficientemente problemática como para pensar na posibilidade de que o presente plan vai a poder durar máis dos 20 anos previstos (polo menos mentres non se recupere o nivel de execución previo á actual crise), e por tanto, con toda probabilidade a materialización que corresponderá ao concello vai a poder realizarse con maior folgura, nun prazo temporal máis dilatado, e por tanto cun montante anual bastante máis baixo que o máximo que se contempla no EEF (que como xa temos sinalado corresponderá a unha execución matemática do 100 % das previsións ata o esgotamento do plan nos 20 anos teoricamente previstos).

Pódese abondar máis na materialización destes recursos, procedendo á súa distribución temporal por cuadrienios, en función da progresión de materialización estimada no propio PXOM, tendo en conta a materialización progresiva de ámbitos de desenvolvemento, e facendo unha distinción básica entre usos residenciais e non residenciais:

CUADRIENIO	1º	2º	3º	RESTO	TOTAL
ANOS	4	4	4	8	20
Desenvolvemento das actuacións					
ACTIVIDADES ECONÓMICAS (m ²)	24.760	24.760	43.474	91.727	184.721
% respecto total	13,40%	13,40%	23,53%	49,66%	100,00%
Nº VIVENDAS	65	65	115	115	360
% respecto total	18,00%	18,00%	32,00%	32,00%	100,00%
Materialización económica (valores anuais)					
Taxa licenzas apertura establecementos	727	727	1.285	945	18.517
ICIO Edificación residencial	74.576	74.576	132.580	66.290	1.657.248
ICIO Edificación non residencial	18.452	18.452	32.398	34.179	550.635
ICIO Urbanización de ámbitos	2.658	2.658	4.701	3.456	67.724
Incremento medio IBI	2.878	11.511	28.112	57.285	628.288
TOTAL POR PERÍODO	99.291	107.925	199.077	162.155	2.922.411

Pódese concluír que o Concello vai a ter garantida a capacidade de investimento previsto en paralelo ás necesidades de materialización do PXOM, cos recursos que esta propia materialización vai a xerar, polo tanto garátese a sustentabilidade destas previsións a respecto das achegas correspondentes ao Concello.

6.4.3. A VALORACIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO MUNICIPAL DE DOTACIONES E SERVIZOS NO DESENVOLVEMENTO DO PXOM.

A partir dos datos reais de custos da liquidación de orzamentos municipais de 2009 recollidos no apartado 6.3.1.3 da presente memoria, tense elaborado un cadro de custos e unidades de medida de referencia que se aplicarán sobre as magnitudes de cada parámetro que se vaian materializando, segundo a estimación realizada do desenvolvemento do PXOM, para calcular unha estimación futura de gastos de mantemento municipal de infraestruturas, dotacións e servizos (sen ter en conta o posible establecemento de entidades de conservación nos ámbitos integrais de planeamento, onde se podería establecer un reparto total ou parcial dos custos de mantemento cos propietarios deses ámbitos, o que reduciría os custos a cargo do Concello).

A respecto do espazo público actual e os servizos e dotacións, terase en conta que xa se contemplan nos presupostos liquidados as partidas necesarias para o seu mantemento, por tanto só se achegan como novos custos os dos novos espazos que se urbanicen a partir dos actuais.



	Parámetro referencia	CUADRIENIOS E ANOS			
		1º	2º	3º	RESTO
		4	4	4	8
Parámetros cuantificados por habitante					
Novos habitantes (positivos)		135	276	533	711
Seguridade e protección civil e social	93,422	12.606	25.759	49.763	66.418
Equipamentos e dotacións	28,851	3.893	7.955	15.368	20.512
Parámetros cuantificados por superficie					
Novo viario publico urbanizado en ámbitos e núcleos		0	4.754	6.078	3.701
Novo espazo libre publico urbanizado en ámbitos e núcleos		535	10.513	4.052	2.467
Novo viario publico urbanizado fora de ámbitos e de núcleos		0	0	0	0
Novos espazos libres públicos fora de ámbitos e de núcleos		298	14.208	53.808	0
Mantemento construtivo e reposición de novo viario público municipal nos núcleos de poboación	1,354			0	10.554
Mantemento construtivo e reposición de novo espazo libre público municipal nos núcleos de poboación	0,451			241	5.902
Mantemento espazo público municipal nos núcleos de poboación (inclúe limpeza, alumeadado público e conservación xardíns)	0,955	511	15.092	24.767	30.658
Mantemento espazo público municipal no medio rural (inclúe limpeza, alumeadado público, conservación xardíns e reposición construtiva)	0,318	95	4.619	21.750	21.750
COSTO ANUAL		17.104	53.425	111.889	155.794

6.5. BALANCE ECONÓMICO DOS CUSTOS DE MANTEMENTO E OS INGRESOS DERIVADOS DA MATERIALIZACIÓN DO PXOM.

Para valorar o balance derivado da materialización do PXOM deberemos ter en conta (ademais dos ingresos e custos estimados nos apartados anteriores) as aportacións económicas derivadas das cifras oficiais de poboación (por aumento da mesma a respecto das cifras actuais de poboación coas que se fixeron as cuantificacións derivadas da situación municipal neste momento), que serán aportadas polas diferentes administracións, e que estimaremos a partir das achegas reais derivadas do último presuposto municipal liquidado (2013), e que se reflectirán no cadro seguinte por cuadrienios ou períodos considerados no plan.

Clave presupostaria	Procedencia	Valor total	€/Hab equivalentes
42	Do Estado	146.234	147,56
45	De Comunidades Autónomas	249.814	252,08
46	De Entidades Locais	22.343	22,55
	TOTAL	418.391	422,19

Con estes datos e os do resto de apartados anteriores xa podemos cuantificar o balance neto de ingresos e gastos municipais derivados do desenvolvemento total do plan e do mantemento das dotacións e servizos.



	Parámetro referencia	CUADRIENIOS E ANOS			
		1º	2º	3º	RESTO
		4	4	4	8
INGRESOS					
Ingresos anuais novos habitantes	422,19	56.967	116.410	224.886	300.154
Ingresos anuais desenvolvemento PXOM		99.291	107.925	199.077	162.155
Ingresos anuais totais		156.258	224.335	423.963	462.310
GASTOS					
Custo anual mantemento		17.104	53.425	111.889	155.794
SALDO ANUAL					
		139.154	170.910	312.074	306.515
SALDO TOTAL PERÍODO					
		556.616	683.640	1.248.295	2.452.124

Como se pode comprobar, os saldos anuais e o balance neto de ingresos e gastos municipais derivados do desenvolvemento total do plan son sempre positivos, e permiten dedicar eses recursos adicionais a outras actividades e gastos municipais.

6.6. REFERENTES FUTUROS DO INVESTIMENTO PÚBLICO DO RESTO DAS ADMINISTRACIÓNS.

Para os efectos de dar cumprimento ao contido do artigo 60.2 da Lei do Solo 9/2002 de Galicia no que atinxe á “acreditación de conformidade” do financiamento de sistemas xerais e das actuacións previstas que se atribúan no Plan ás “administracións ou entidades públicas distintas do municipio”, a argumentación do presente capítulo estima niveis de investimento posibles, razoables e razoados que o Estado, a Xunta e a Deputación poderían asignar, baixo os supostos de “solidariedade intra-rexional” e de asignación territorial homoxénea, ao financiamento do Plan Xeral de Vilar de Santos, dado que é imposible na práctica que estas administracións acheguen compromisos documentais de investimento futuro, segundo se solicita na LOUG.

Os ditos niveis de investimento poden servir de base á conveniación requirida do financiamento do Plan Xeral, en base ás actuacións prioritarias.

O obxectivo da análise do investimento público non municipal é o argumentar a viabilidade da asignación de investimentos para o desenvolvemento do PXOM, en termos comparativos ou ben co investimento realizado nos últimos anos en Vilar de Santos ou co esforzo medio por habitante no conxunto dos seus ámbitos territoriais de actuación.

Un primeiro referente do investimento público nolo dá este con relación á poboación das distintas administracións públicas, no conxunto do Estado. O cadro seguinte recolle ditos indicadores para o ano 2010 nos catro niveis básicos da Administración:

Investimentos Reais (Obrigas recoñecidas netas en Millóns de €)			
	Investimentos Reais	Habitantes	EUROS/HAB
ANO 2010			
Sector Público Estatal	8.070	46.864.418	172
Sector Público Autonómico	9.658	46.864.418	206
Sector Público Local excluído o municipal	2.114	46.864.418	45
Sector Público local Municipal*	12.897	46.724.399	276
TOTAL	32.739		699

* Non se dispón de datos de tódolos Municipios, só dos da poboación que se referencia.

De calquera xeito, realizarase unha sinxela análise dos orzamentos liquidados de investimento (estimando a parte de investimento que podemos considerar como territorial ou destinable a



actuacións no territorio) dos últimos anos das diferentes administracións que poderían colaborar no financiamento do Plan, e logo sumaremos os totais para determinar un límite de asunción de investimentos que podería aplicarse en Vilar de Santos para esas administracións, que sumadas ás que se asignan directamente ao concello deberían ser suficientes para cubrir o investimento medio por habitante que establece o plan, coa marxe suficiente para que poidan ser asumibles. A este financiamento público engadiremos tamén o privado –no seu caso- que provirá do propio mercado inmobiliario.

Debemos ter en conta que os criterios que se empregan para calcular as cifras medias de investimento das administracións (polo menos das non municipais) son homoxéneos, é dicir, non se teñen en conta as particularidades e especificidades propias de cada municipio ou de cada parte do ámbito territorial no que interveñen as citadas administracións, polo tanto son referencias estimativas pero reais como referencia.

6.6.1. XUNTA DE GALICIA.

A liquidación de **orxamentos da Xunta de Galicia dos exercicios 2004 a 2010**, ofrece os seguintes datos de investimento non financeiros (investimentos reais e transferencias de capital), valorada en M€ correntes:

Millóns euros correntes	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Investimentos reais	998,47	1.095,76	1.130,67	1.263,64	1.359,98	1.257,75	871,23
Transferencias capital	1.073,51	1.088,41	1.169,94	1.211,12	1.391,01	1.245,92	787,43
Total investimento	2.071,98	2.184,17	2.300,61	2.474,76	2.750,98	2.503,66	1.658,66
Habitantes	2.750.985	2.762.198	2.764.250	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653
Total investimento/hab.	753,18	790,74	832,27	892,60	988,08	895,42	592,88

Se consideramos a evolución do investimento anual total (e por tanto o proporcional por habitante) que a Xunta de Galicia vén asumindo dende o ano 2004 ata o ano 2010, vese claramente que vén medrando de forma constante e cuantitativa ata 2008 (2.071 M€ no ano 2004 e 2.504 € no 2009) sen apenas altibaixos na súa evolución, pero cunha baixada significativa dende este ano (sobre todo en 2010, polo efecto da crise e da contención no gasto), polo tanto pódense facer previsións de evolución fiables para o futuro inmediato só a partir dos datos máis actualizados en función da evolución da contención no gasto dos últimos anos.

Estimando que de todo o investimento realizado -aproximadamente o 45-55 %- cobre necesidades de reposición e investimentos non territoriais, polo tanto non asignables aos investimentos que se precisan no PXOM. Por outra banda o resto do orzamento investido (outro 45-55%), que si consideraremos como investimento territorial supón un importe por habitante que foi crecente durante o período 2004-2008, ata os máximos valores do 2008, cuns 495 €/hab./ano, pero baixando significativa e progresivamente nos anos posteriores, polo que, aínda que non se dispoñen de datos oficiais do último ano, se estimamos unha evolución parella a destes dous últimos anos para os vindeiros anos é previsible que nos situemos en valores similares aos de 2010 (300 €/hab./ano, polo efecto de contención da crise) no 2011 e seguintes (estimaremos uns 250 € por habitante e ano).

Tendo en conta todas estas consideracións, parece consecuente afirmar que, da conxugación dos datos de investimento analizados e das previsións establecidas neste E.A-E.E para o Plan, obtense a conclusión razoable de que a Xunta de Galicia pode dispor dunha capacidade de investimento anual de cando menos 250 € por habitante e ano, que serán os que consideremos como referenciais desta administración aos efectos de estimar a súa posible participación nos investimentos anuais previstos para os vindeiros 20 anos da estratexia principal do presente Plan.



6.6.2. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

Unha das principais funcións das Deputacións é a cooperación cos municipios para asegurar a prestación dos servizos básicos obrigatorios e a isto vai dedicada unha parte moi importante dos seus investimentos, a través de subvencións (capítulo 7 do seu orzamento de gastos) para obras e servizos municipais. A distribución das mesmas vai orientada, fundamentalmente, aos municipios de menor tamaño, que teñen tamén unha menor capacidade de xestión. Ademais, a deputación inviste directamente (capítulo 6 do seu orzamento de gastos) en sectores da súa competencia (estradas da súa titularidade, ciclo hidráulico, servizos propios...), podendo estimar que aproximadamente a metade destes investimentos se distribúe territorialmente en función da poboación.

Durante os últimos anos dos que dispomos as liquidacións de orzamento (2005-2010) a Deputación de Ourense investiu unha media de 23,2 M€/ano, equivalentes a 69 €/hab/ano no conxunto da provincia. Así o detallamos na seguinte táboa:

Millóns Euros correntes	2005	2006	2007	2008	2009	2010	MEDIA
Investimentos reais	18,61	32,16	19,60	13,10	18,31	20,42	20,37
Transferencias capital	3,11	4,55	1,84	1,89	2,63	3,30	2,89
Total Investimento	21,72	36,71	21,44	14,99	20,94	23,72	23,25
Poboación provincial	339.555	338.671	336.926	336.099	335.642	335.219	337.019
Total Investimento €/hab.	63,96	108,40	63,64	44,59	62,38	70,76	68,95
Total Deputacións Galicia	188,83	196,25	231,67	207,47	202,95	223,81	208,50
% provincial s/ Total	11,50%	18,71%	9,26%	7,22%	10,32%	10,60%	11,27%

De tódolos xeitos, se consideramos a evolución do investimento por habitante e ano que a Deputación de Ourense vén asumindo dende o ano 2005 ata o ano 2010, vese claramente que vén medrando de forma cuantitativa ata 2006 (63,9 € no ano 2005 e 108,4 € no 2006), pero cunha baixada significativa dende este ano (sobre todo en 2008, polo efecto da crise e da contención no gasto), polo tanto pódense facer previsións de evolución fiables para o futuro inmediato só a partir dos datos máis actualizados en función da evolución da contención no gasto dos últimos anos.

Estimando que de todo o investimento realizado aproximadamente o 45-55% cubre necesidades de reposición e investimentos non territoriais, polo tanto non asignables aos investimentos que se precisan no PXOM. Por outra banda o resto do orzamento investido (outro 45-55%), que se consideraremos como investimento territorial supón un importe por habitante que foi crecente durante o período 2005-2006, ata os valores do 2006, cuns 54 €/hab./ano, pero baixando significativa e progresivamente nos anos posteriores por efecto da crise (aínda que en recuperación crecente nos tres últimos anos), polo que, aínda que non se dispoñen de datos oficiais do último ano, se estimamos unha evolución parella á destes tres últimos anos para os vindeiros anos é previsible que nos situemos en valores similares aos de 2010 (35 €/hab./ano, polo efecto de contención da crise) no 2011 e seguintes (estimaremos uns 35 € por habitante e ano).

Tendo en conta todas estas consideracións, parece consecuente afirmar que, da conxugación dos datos de investimento analizados e das previsións establecidas neste E.A-E.E para o Plan, obtense a conclusión razoable de que a Deputación de Ourense pode dispor dunha capacidade de investimento anual de cando menos 35 € por habitante e ano, que serán os que consideremos como referenciais desta administración, aos efectos de estimar a súa posible participación nos investimentos anuais previstos para os vindeiros 20 anos da estratexia principal do presente Plan.

En calquera caso, como xa apuntamos, **no que atinxe ás cantidades que neste apartado se estiman como capacidade de asunción de custos para administracións distintas da**



municipal (que se engloban nun conxunto, e por tanto non se individualiza ningún custo a ningunha administración), son meras elucubracións xustificativas e non son vinculantes en ningún caso, por tanto só teñen carácter indicativo, sen compromiso de ser executados por parte destas administracións (neste caso a Deputación de Ourense).

6.6.3. ESTADO.

Aínda que non existen propiedades ou infraestruturas estatais en Vilar de Santos, o Estado podería colaborar no financiamento dalgunha das propostas de actuación previstas no presente PXOM.

A liquidación de **orzos do Estado dos exercicios 2005 a 2010**, ofrece os seguintes datos de investimento non financeiros (investimentos reais e transferencias de capital), valorada en M€ correntes:

Millóns Euros correntes	2005	2006	2007	2008	2009	2010	MEDIAS
Investimentos reais	8.752,67	9.401,47	10.176,58	10.675,67	10.624,80	8.069,73	9.616,82
Transferencias capital	7.136,73	7.943,64	9.461,56	18.164,17	11.839,95	13.662,69	11.368,12
Total Investimento	17.894,40	19.351,11	21.645,14	30.847,84	22.464,76	21.732,43	20.984,94
Poboación	44.108.530	44.708.964	45.200.737	46.157.822	46.745.807	46.864.418	45.631.046
Total Investimento €/hab.	405,69	432,82	478,87	668,31	480,57	463,73	458,63

Se consideramos a evolución do investimento anual por habitante que o Estado vén asumindo dende o ano 2004 ata o ano 2008, vese claramente que vén medrando de forma constante e cuantitativa (381 € no ano 2004 e 668 € no 2008, cun crecemento medio anual sostido e un notable incremento no 2008 das transferencias de capital debido ao PlanE, que se manteñen con altibaixos nos anos seguintes), pero cunha baixada significativa dende este ano para o total investido ou nos valores por habitante (sobre todo en 2010, polo efecto da crise e da contención no gasto), polo tanto pódense facer previsións de evolución fiables para o futuro inmediato só a partir dos datos máis actualizados en función da evolución da contención no gasto dos últimos anos.

Estimando que de todo o investimento realizado aproximadamente o 45-55% cobre necesidades de reposición e investimentos non territoriais, polo tanto non asignables a os investimentos que se precisan no PXOM. Por outra banda, o resto do orzamento investido (outro 45-55%), que si consideraremos como investimento territorial supón un importe por habitante que foi crecente durante o período 2005-2008, ata os máximos valores do 2008, cuns 334 €/hab./ano (neste caso mediatizados polo citado PlanE), pero baixando significativa e progresivamente nos anos posteriores, polo que, aínda que non se dispoñen de datos oficiais do último ano, se estimamos unha evolución parella a destes dous últimos anos para os vindeiros anos é previsible que nos situemos en valores similares aos de 2010 (231 €/hab./ano, polo efecto de contención da crise) no 2011 e seguintes (estimaremos uns 225 € por habitante e ano).

Tendo en conta todas estas consideracións, parece consecuente afirmar que, da conxugación dos datos de investimento analizados e das previsións establecidas neste E.A-E.E para o Plan, obtense a conclusión razoable de que o Estado pode dispor dunha capacidade de investimento anual de cando menos, 225 € por habitante e ano, que serán os que consideremos como referenciais desta administración aos efectos de estimar a súa posible participación nos investimentos anuais previstos para os vindeiros 20 anos da estratexia principal do presente Plan.



6.6.4. FONDOS EUROPEOS.

O investimento con fondos europeos en Galicia é moi significativa por ser unha rexión considerada como obxectivo 1, polo tanto fíxose unha análise dos investimentos realizados nos últimos anos con esta procedencia para proxectar incidencias futuras deste tipo de financiamento.

Gasto total do POI 2000-2006 en Galicia	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Investimentos totais	705.869.361	752.263.424	762.451.351	778.138.880	766.489.815	774.364.107	781.470.265
Investimentos territoriais	498.860.770	512.461.528	513.003.954	519.053.554	502.183.261	505.836.252	511.336.474
% territoriais/totais	70,67%	68,12%	67,28%	66,70%	65,52%	65,32%	65,43%
Poboación	2.731.900	2.732.926	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198	2.764.250
Investimentos totais/hab	258,38	275,26	278,53	282,85	278,62	280,34	282,71
Investimentos territoriais/hab	182,61	187,51	187,41	188,67	182,55	183,13	184,98

Se consideramos a evolución do investimento anual por habitante que os fondos europeos veñen asumindo dende o ano 2000 ata o ano 2006, vese claramente que se manteñen arredor dos 280 € sen apenas altibaixos na súa evolución, polo tanto pódense facer previsións de evolución fiables.

De todo o investimento realizado tense calculado con bastante exactitude, segundo o destino das diferentes partidas xerais, os investimentos que se poden considerar como territoriais, que supón un importe por habitante máis ou menos constante duns 180 €/hab./ano, polo que, aínda que non se dispoñen de datos oficiais de anos posteriores, estimaremos unha evolución parella nos vindeiros, mantendo eses valores para o 2015.

Tendo en conta todas estas consideracións, parece consecuente afirmar que, da conxugación dos datos de investimento analizados e das previsións establecidas neste E.A-E.E para o Plan, obtense a conclusión razoable de que os Fondos Europeos poden asignar unha capacidade de investimento anual de cando menos 180 € por habitante e ano, que serán os que consideremos como referenciais aos efectos de estimar a súa posible participación nos investimentos anuais previstos para os vindeiros 8 anos da estratexia principal do presente Plan.



7. XUSTIFICACIÓN DA VIABILIDADE DA ASIGNACIÓN DOS INVESTIMENTOS.

7.1. CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS.

Na seguinte táboa resúmense as capacidades de investimento das distintas administracións non municipais e o seu investimento asignado polo PXOM.

RESUMO DA CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DAS ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS								
	CAPACIDADE DE INVESTIMENTOS				PREVISIÓN DE INVESTIMENTO POR FASES (miles de euros)			
	EUROS/ HABITANTE ANO	FASE ou CUADRIENIO	HABITANTES MEDIOS/ ANO	POR FASE (miles de euros)	1º CUADR	2º CUADR	3º CUADR	FORA DE PROGRAMA
ESTADO	225,0	1º CUADR	989	2.731	370	744	1.190	1.083
XUNTA	250,0	2º CUADR	1.127	3.111				
DEPUTACIÓN	35,0	3º CUADR	1.326	3.660				
FONDOS EURO	180,0	FORA DE PRO	1.544	8.522				
TOTAL	690,00	MEDIAS	1.247	4.506				
MARXE SOBRANTE INVESTIMENTO %					86,45%	76,08%	67,48%	87,29%

Como podemos observar, e xa como resumo, a asignación orzamentaria para o Plan por parte das administracións non municipais é perfectamente asumible (con marxes sobrantes de axuste a maiores de entre o 67 e o 87 % nesas fases ou cuadrienios) e razoable tendo en conta as características do Concello e as capacidades investidoras desas administracións.

Cómpre aclarar que **no que atinxe á distribución dos importes das obras necesarias para a execución das determinacións do Plan que se conteñen no presente estudo económico, as cantidades asignadas a administracións distintas da municipal (que se engloban nun conxunto, e por tanto non se asignan realmente a ningunha administración en particular), teñen carácter indicativo** (agás nos casos en que poida xustificarse documentalmente a aceptación do citado organismo, ou que veña recollido nos seus orzamentos anuais como unha actuación concreta, orzamento que se axuntará como xustificante no seu caso).

7.2. CAPACIDADE DE INVESTIMENTO MUNICIPAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PXOM.

Na seguinte táboa resúmense por fases ou cuadrienios as capacidades de investimento (as iniciais e as derivadas da execución do plan) e as asignacións de gasto establecidas polo PXOM para o Concello, así como no seu caso, os custos de mantemento das dotacións, instalacións e servizos executados que dependan do Concello.

RESUMO DA CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DO CONCELLO					
	CAPACIDADE DE INVESTIMENTOS	PREVISIÓN DE INVESTIMENTO POR FASES (miles de euros)			
		€/HABITANTE ANO	1º CUADR	2º CUADR	3º CUADR
ANOS		4	4	4	8
Capacidade na situación actual	188,65	293	305	317	661
Recursos por aumento de poboación	422,19	228	466	900	2.401
Recursos por desenvolvemento do PXOM		397	432	796	1.297
	TOTAL RECURSOS	922	1.206	2.017	4.367
Asignacións no EEF		0	0	0	0
Necesidades de mantemento		68	214	448	1.246
	TOTAL GASTOS	68	214	448	1.246
	RESULTADO	853	992	1.569	3.121
MARXE SOBRANTE INVESTIMENTO %		92,57%	82,27%	77,81%	71,46%



Como podemos observar, e xa como resumo, a asignación orzamentaria para o Plan por parte da administración municipal é perfectamente asumible (con marxes sobrantes de axuste a maiores de entre o 71 e o 92 % nesas fases ou cuadrienios) e razoable tendo en conta as características do Concello e as súas capacidades investidoras.

7.2.1. IMPACTO DAS ACTUACIÓNS NA FACENDA PÚBLICA MUNICIPAL.

Neste informe ou memoria de sustentabilidade económica, se ten ponderado con profusión e detalle o impacto da actuación nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes (e sobre todo na facenda municipal, que será a encargada do mantemento da inmensa maioría dos servizos).

O impacto que suporía a materialización total do PXOM no período esperado, se pode ver claramente no cadro do apartado anterior, onde se sintetizan por fases as entradas e saídas (ingresos e gastos) de investimentos durante a materialización do PXOM, deducíndose que **o impacto é positivo en todos os períodos analizados**, e que **incluso queda moito marxe de manobra** para un hipotético caso de esgotamento do plan (no último período analizado sobra un 71 % da capacidade estimada de investimento específico para o PXOM), e mesmo no caso contrario de ralentización da súa execución, pois no caso de que a materialización do plan se alongue máis no tempo tamén se rebaixará proporcionalmente a necesidade de investimento municipal (por non haber a demanda de servizos esperada), e se manterá o equilibrio do investimento e a súa necesaria sustentabilidade, dilatando nun tempo maior o que neste PXOM se estimaba executar no seu horizonte de 20-24 anos.

Ademais na hipótese de escenario de proxección dos ingresos-gastos analizados non se tiveron en conta posibles recursos que se poderían poñer aínda en marcha en caso necesario:

- Se ten considerado que para o PXOM se ten reservado só o 40% do investimento do concello.
- Non se tivo en conta a posible subida das taxas, tarifas ou impostos municipais dos servizos e das tramitacións contempladas.
- Non se tivo en conta a posible subida do IBI, como importante fonte de recursos municipais.
- Tampouco se tivo en conta o posible aumento de categoría do concello polo posible aumento de poboación (e o conseguinte aumento de aportacións proporcionais do Estado as arcas municipais).
- Non se tiveron en conta as posibles medidas de racionalización, aforro e axuste presupostario (sen mermas nos servizos) que se están levando a cabo nos servizos municipais de moitos concellos ante a situación de crise, o que pode mellorar notablemente o rendemento presupostario municipal dos recursos dispoñibles, sobre todo habida conta da toma de conciencia real da situación que os concellos están a asumir con total conciencia, e actuando efectivamente en consecuencia.

En resumo, quérese dicir con isto que con todos os cálculos, suposicións e alternativas analizadas, así como os medios en reserva e o importante marxe sobrante dos recursos estimados, queda plenamente garantida a capacidade da facenda municipal en calquera escenario de desenvolvemento do plan (acurtamento ou alongamento dos períodos previstos para elo), incluso con moitas medidas de reserva para o caso de que a situación se complique mais do que neste intre se espera.

7.3. INVESTIMENTO PRIVADO.

No caso do concello de Vilar de Santos non se contemplan actuacións de investimento de tipo privado durante as primeiras fases de desenvolvemento do PXOM, sendo máis probable a súa incorporación en momentos posteriores, unha vez se teña consolidado o novo modelo de



ordenación territorial, polo que non se considera esta fonte de financiamento no Estudo Económico do Plan Xeral.

7.4. CONCLUSIÓNS SOBRE A SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DO PXOM.

Estímase que unha vez analizada e xustificada nos anteriores apartados a sustentabilidade ou a viabilidade individualizada das dúas fontes fundamentais de financiamento, Concello, e as administracións ou entidades públicas distintas do municipio, (xa que se considera que a iniciativa privada non vai a ser cuantitativamente importante, cando menos nas primeiras fases de desenvolvemento do PXOM) que deberán soportar economicamente todos os custos derivados do PXOM, se pode afirmar que o plan é sustentable economicamente a tódolos efectos, incluso tendo en conta os custos derivados do mantemento das dotacións, instalacións e servizos executados no seu desenvolvemento.

Pontevedra, Decembro do 2015.

Asdo. Andrés Pino Moreno
Codirector do Equipo